

ACTA NÚM. 9 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 20 DE XULLO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:33 horas** do día **20 de xullo de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dña. Inmaculada Viña Carregal, Interventora do Concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 2. Ampliación de usos na reserva de equipamento DOC-15. Fontiñas.**
- 3. Aprobación do expediente de modificación de crédito extraordinario 2017-CREXT-01, para investimentos en Servizos Sociais, Relacións Veciñais e Parque Móbil, por importe total de 81.610,76 euros.**
- 4. Aprobación dos expedientes de modificación de crédito de baixa do orzamento 2017-BAIXA-01, por importe de 658,25 euros, de suplemento de crédito 2017-SUPLE-01, por importe de 200.878,41 euros e de crédito extraordinario 2017-CREXT-02, por importe de 1.206.344,75 euros.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a situación que se está a vivir na rúa Fernando III O Santo e a resposta que debe dar o goberno local.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para impulsar a incorporación do corpo da Policía Local ao “sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero”.**
- 7. Proposición do grupo municipal do BNG, para esixir a activación do ERTMS que, catro anos despois do accidente de Angrois, non está operativo.**
- 8. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, para estudar o traballo realizado polo responsable da área de accesibilidade e aprobación dun plan de obras para executar aquelas que se consideren máis prioritarias.**

9. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a adopción de medidas compensatorias para contribuír a afrontar os gastos dos locais socioculturais de titularidade veciñal.

10. Dar conta da resolución de liquidación do orzamento de 2016.

11. Dar conta de resolución de corrección de erros, pola que se amplía o prazo de información pública do expediente de “aprobación inicial da proposta de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre”.

12. Dar conta de acordos da Xunta de Goberno Local de 30 de xuño e 7 de xullo e resolucións da Alcaldía de 28 de xuño.

13. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de dar comezo a tratar os asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación proceden a intervir na sesión plenaria, en primeiro lugar, Don Julio Louro Peña, en representación da Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM), a continuación e en segundo lugar, Don Arturo Domínguez de la Rosa, en representación da Plataforma de Vítimas do Alvia, segue Don David Soto Díaz, en representación de Esculca, e en cuarto e último lugar intervéñen Dona M^a del Carmen Beltrán Moreiras, en representación de OXFAN INTERMON.

Cumpriméntase así:

1. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

2. AMPLIACIÓN DE USOS NA RESERVA DE EQUIPAMENTO DOC-15. FONTIÑAS.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística que trae o conforme do secretario xeral do pleno, de data 10 de xullo de 2017, ten o seguinte contido:

“O presente informe emítese a resultas da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, de data 10 de xullo de 2017, cuxo contido se transcribe de seguido:

“En Santiago de Compostela viven 25.179 persoas maiores de 60 anos das que 3.862 viven soas. O envellecemento, a soidade da poboación e a enfermidade e dependencia, non é so unha cuestión de números, son prioridades que teñen que ser incorporados na planificación das políticas públicas e no deseño dos espazos e servizos á cidadanía para abordar os retos do S. XXI no noso Concello.

Actualmente, o Concello unicamente conta con 3 recursos dependentes da Xunta de Galicia:

- A residencia e centro de día, situado na Porta do Camiño, con 84 prazas para persoas válidas
- A residencia e centro de día, situados en Volta do Castro, con 150 prazas para persoas dependentes
- E a residencia da Fundación José Otero e Carmela Martínez, en Ponte Pedriña, con 150 prazas para persoas dependentes

Obviamente a oferta de prazas, que non é exclusiva para o noso Concello, é insuficiente e dado que as taxas de envellecemento e dependencia se incrementaran notablemente nos vindeiros anos, é necesario dotar de recursos e servizos suficientes e adecuados o Concello de Santiago de Compostela.

A Xunta de Galicia ten previsto a construción dunha nova residencia de maiores na nosa cidade, téndose iniciado conversas cos representantes municipais a fin de concretar unha parcela idónea para albergar o uso proxectado.

Entre as distintas alternativas posibles, conclúese que a reserva dotacional DOC-15, sita no polígono de Fontiñas, resultaba apta para esta finalidade, tanto pola súa accesibilidade ás principais vías de comunicación, como polo seu emprazamento nun contorno que conta con importantes espazos verdes e áreas de ocio e esparcemento.

Polo exposto, proponse dar os pasos necesarios para ampliar o destino urbanístico da reserva de solo inicialmente prevista para uso docente, autorizando o uso específico de equipamento asistencial, axustando deste xeito as previsións do planeamento ás necesidades reais da sociedade.”

1. Identificación da parcela

A parcela -ocupada en parte pola Escola Infantil de Fontiñas- atópase incluída no ámbito do Plan parcial de Fontiñas, aprobado o 25 de xuño de 1999, que lle asigna a denominación DEGB-15. O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) cualifica o inmovible como **equipamento docente de sistema local e de carácter público, coa referencia DOC-15**.

O artigo 136.2.a) da normativa do PXOM relaciona os usos autorizables no sistema de equipamento docente como deseguido se transcribe:

Docente. Centros para a educación infantil, primaria, secundaria, ensino especial, ensino profesional, ensino técnico e superior con instalacións anexas deportivas, culturais e de investigación e servizos.

O mesmo artigo 136.2, na súa alínea c) encadra as residencias de anciáns e centros de día dentro do uso **asistencial**, que se configura así como un uso dotacional distinto do docente.

2. Fundamentos xurídicos

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), dispón, no seu artigo 42.3, que “*o plan efectuará as reservas de solo para dotacións urbanísticas nos lugares máis axeitados para satisfacer as necesidades da poboación*”, sendo unha das facultades inherentes á potestade de planeamento a de sinalar a localización e características dos equipamentos e dotacións públicas (artigo 4.1.h).

Neste contexto, o *iusvariandis* administración xustifica a posibilidade de alterar ou ampliar os usos inicialmente previstos polo planeamento, co obxecto de adaptalos ás esixencias, sempre cambiantes, do interese público e da demanda da poboación e demais administracións implicadas.

O artigo 42.5 da LSG, habilita ao Concello para *acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública*, a través dun acordo plenario adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan.

Trátase dunha norma flexibilizadora do uso das reservas de equipamento comunitario, que permite acomodar a súa concreta utilización ás necesidades que en cada momento demande o interese público, e que entronca directamente coa discrecionalidade do planeamento urbanístico á hora de concretar o destino dos das reservas de equipamento comunitario.

3. Conclusión

Con base en todo o exposto, e ao abeiro do disposto polo artigo 42.5 da LSG, é posible a ampliación dos usos dotacionais autorizados na reserva de equipamento DOC-15, previo acordo que haberá de adoptar o Pleno Municipal, por maioría absoluta, sendo preceptivo o asesoramento legal preceptivo do Secretario Xeral.”

Xa que logo, de conformidade co informe do servizo de planeamento, a proposta do concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relacións veciñais, do día 10 deste mes, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente á súa reunión do día 13 de xullo de 2017, o Pleno da Corporación por unanimidade, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda ao abeiro do previsto polo artigo 42.5 da Lei do Solo de Galicia, ampliar os usos permitidos na reserva de equipamento DOC-15, a fin de permitir, ademais do docente asignado polo vixente plan parcial, os seguintes: asistencial, administrativo e sociocultural, que poderán desenvolverse de forma exclusiva ou compartida.

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2017-CREXT-01, PARA INVESTIMENTOS EN SERVIZOS SOCIAIS, RELACIÓNS VECIÑAIS E PARQUE MÓBIL, POR IMPORTE TOTAL DE 81.610,76 EUROS.

O informe proposta de data 5 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Logo de ver os Informe - proposta das solicitudes de crédito extraordinario financiados con baixas por anulación asinados pola xefa de servizo da área de Acción Social, e proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde de data 16 maio de 2017; noutro caso, polo xefe de servizo de Relacións Veciñais, e proposta do alcalde de 19 de maio de 2017 e, finalmente, polo xefe do servizo do Parque Móbil coa proposta do alcalde de data 3 de xullo de 2017. Todos contan con Informe favorable da Oficina Orzamentaria. Visto tamén que estes informes-proposta conteñen os elementos da Memoria xustificativa á que fai referencia o artigo 37.2 do R.D. 500/1990.

Comprobada a xustificación dos supostos de feito que, para a procedencia da tramitación dun crédito extraordinario establece o artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 35 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en concreto:

- Que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte, segundo o sinalado tanto nos informes de incoación do expediente asinados pola xefa de servizo da área de Acción Social, coa conformidade da concelleira delegada de Políticas

Sociais, Diversidade e Saúde, como no asinado polo xefe de servizo de Relacións Veciñais coa conformidade do alcalde (art. 177.1 TRLRFL e 35 RD 500/1990).

- Que o gasto a realizar é específico e determinado; os informes e propostas aludidos sinalan os investimentos concretos aos que se destinarán, proxectos 2017 4 APINF 78, 2017 4 CARPA 79 e 2017 2 VEHIC 82. A contía total cifrase en 81.610,76 euros.

- Que non existe crédito axeitado e suficiente na bolsa de vinculación xurídica das aplicacións orzamentarias nas que procedería a imputación do gasto (aplicacións 020 23100 64100, 010 33404 62300 e 010 92000 62400), circunstancia que se pon de manifesto nos informes e propostas anteriormente indicados e que se certifica pola Intervención municipal -art. 177.1 do TRLRFL e 37.2.b) RD 500/1990-.

- Que as aplicacións orzamentarias cuxa baixa se propón nos informes e propostas sinalados nos puntos anteriores (aplicacións 020 23100 64100 “Asistencia Social Primaria. Gastos en aplicacións informáticas”, 010 33404 62300 “P. Cultural. Asociacións Veciñais. Maquinaria, instalacións e utillaxe” e 050 17100 62500 “urbanismo. Mobiliario”) estímense reducibles sen perturbación dos respectivos servizos (artigo 177.4 TRLRFL e 36.1.c) R.D. 500/1990), tal e como declaran nos informes os responsables dos servizos afectados.

De conformidade co establecido no artigo 12.1 das bases de execución do Orzamento municipal de 2017, e de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do TRLRFL e demais disposicións vixentes na materia,

PROPOÑO que pola Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

“PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 2017-CREXT-01 por importe global de **81.610,76euros**, que se financiará con baixas por anulación, de conformidade co disposto nos artigos 177.4 do Texto Refundido da lei reguladora de Facendas Locais, aprobado mediante Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 36.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Este expediente ten o seguinte detalle:

A) Habilitación:

APLICACIÓN INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
020 23100 64100	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. GASTOS EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	2017 4 APINF 78	50.000,00
010 33404 62300	P. CULTURAL. ASOCIACIÓNS VECIÑAIS. MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE	2017 4 CARPA 79	10.110,76
010 92000 62400	ADMINISTRACIÓN XERAL. ELEMENTOS DE TRANSPORTE	2017 2 VEHIC 82	21.500,00
TOTAL			81.610,76

B) Financiamento: Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: 81.610,76 €

APLICACIÓN DIMINUÍDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
020 23100 48001	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS	50.000,00
010 33404 22699	P.CULTURAL.ASOCIACIÓNS VECIÑAIS. OUTROS GASTOS DIVERSOS. ACTIVIDADES	10.110,76
050 17100 62500	URBANISMO. MOBILIARIO	21.500,00
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN		81.610,76

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	81.610,76 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	81.610,76 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos de investimento	
3.- Financiamento igual a habilitación	81.610,76 euros

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra él non se formulase reclamación ningunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo tamén copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

O proxecto de modificación de crédito extraordinario, foi aprobado pola Xunta de Goberno, en sesión de 14 de xullo do corrente ano.

Xa que logo, de conformidade co informe-proposta transcrito, e co ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do día 17 de xullo de 2017, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 14 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 2017-CREXT-01 por importe global de **81.610,76 euros**, que se financiará con baixas por anulación, de conformidade co disposto nos artigos 177.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 36.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Este expediente ten o seguinte detalle:

A) Habilitación:

APLICACIÓN INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
020 23100 64100	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. GASTOS EN APLICACIÓN INFORMÁTICAS	2017 4 APINF 78	50.000,00
010 33404 62300	P. CULTURAL. ASOCIACIÓN VECIÑAIS. MAQUINARIA, INSTALACIÓN E UTILLAXE	2017 4 CARPA 79	10.110,76
010 92000 62400	ADMINISTRACIÓN XERAL. ELEMENTOS DE TRANSPORTE	2017 2 VEHIC 82	21.500,00
TOTAL			81.610,76

B) Financiamento: Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: 81.610,76 €

APLICACIÓN DIMINUÍDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
020 23100 48001	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. TRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS	50.000,00
010 33404 22699	P.CULTURAL.ASOCIACIÓN VECIÑAIS. OUTROS GASTOS DIVERSOS. ACTIVIDADES	10.110,76
050 17100 62500	URBANISMO. MOBILIARIO	21.500,00
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN		81.610,76

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total crédito extraordinario	81.610,76 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	81.610,76 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos de investimento	
3.- Financiamento igual a habilitación	81.610,76 euros

SEGUNDO:Expoñer ao público o expediente durante un prazo de quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o acordo inicialmente aprobado se contra o mesmo, non se formularen reclamacións ou alegacións, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo tamén copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4. APROBACIÓN DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DE BAIXA DO ORZAMENTO 2017-BAIXA-01, POR IMPORTE DE 658,25 EUROS, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2017-SUPLE-01, POR IMPORTE DE 200.878,41 EUROS E DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2017-CREXT-02,POR IMPORTE DE 1.206.344,75 EUROS.

O informe-proposta de data 9 de xullo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“De conformidade co establecido no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, redáctase a presente memoria xustificativa da necesidade de aprobación dun expediente de modificación de créditos na modalidade de Baixa do orzamento, Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario motivados nos seguintes asuntos que se pasan a detallar.

ASUNTO 1: BAIXA POR ANULACIÓN DO ORZAMENTO 2017-BAIXA-01 DE IMPORTE SEISCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS DE EURO (658,25 €).

ANTECEDENTES

Informe proposta do director da área técnica de desenvolvemento urbano e sostible de data 22 de xuño de 2017 e proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial da mesma data.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A proposta de baixa do orzamento xeral do Concello do ano 2017 ten a súa xustificación na diferenza cuantitativa existente entre o importe consignado no anexo de investimentos do ano 2017 no relativo as actuacións previstas no marco do “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – Plan único dos Concellos “POS+ 2017” e as finalmente concedidas, por unha diferenza global de 658,25 €.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un baixa do orzamento municipal de **SEISCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS DE EURO (658,25 €)** por diferenzas entre o importe dos créditos recollidos no orzamento 2017 con base na achega inicial da Deputación recollida en ingresos no marco do programa POS+ 2017 (852.000,00 €) e o importe finalmente solicitado e concedido (851.341,75 €).

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

A aplicación orzamentaria de ingreso que recollía os fondos procedentes da Deputación Provincial é 76100.

PROPOSTA

Logo de ver que o importe finalmente solicitado e concedido pola Deputación Provincial para o financiamento dos investimentos recollidos no anexo de investimentos do ano 2017 é menor nunha contía de 658,25 €.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante baixa do Orzamento municipal do ano 2017 baixo o número de referencia **2017-BAIXA-01**, dando traslado á

Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Baixa do orzamento xeral do Concello do ano 2017 nunha contía 658,25 €. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Baixa de crédito do orzamento do Concello	100 16100 60900	2017 2 PDEPU 64	658,25	BAIXA	Baixa prevista como achega da Deputación aos investimentos do programa POS+ 2017	76100	658,25
GASTO CAPÍTULO 6			658,25		INGRESO CAPÍTULO 7		658,25

ASUNTO 2: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2017-SUPLE-01 PARA AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DE DÉBIDA DO CONCELLO DE IMPORTE DOUSCENTOS MIL OITOCENTOS SETENTE E OITO EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (200.878,41 €).

ANTECEDENTES

Informe proposta do director da área técnica de desenvolvemento urbano e sostible de data 22 de xuño de 2017 e proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial da mesma data.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro de 2017 acordou, a proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial, solicitar a participación do Concello de Santiago no “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – Plan único dos Concellos “POS+ 2017”. Incluído neste programa da Deputación, que para este ano engloba o financiamento da deputación para o antigo POS (achega provincial 2017), o antigo PAS (achega provincial 2016) e o antigo PAI 2017 (préstamo provincial 2017), o Concello de Santiago solicitou da Deputación Provincial da Coruña aproveitar as vantaxes económicas deste programa da Deputación, no relativo ao importe do préstamo provincial 2017 que para este ano foi concedido por unha contía de 492.878,41 €, para utilizar unha parte desta fonte de financiamento para amortizar anticipadamente un préstamo vixente do Concello que tiña concertado desde o 11/02/2000 coa entidade financeira ABANCA, por unha contía de 200.878,41 €.

Con data de 13 de xuño de 2017 recibíuse circular da Deputación Provincial comunicando a aprobación do POS+ 2017 que, no que atinxe ao Concello de Santiago, incorporaba no marco do préstamo provincial 2017 unha concesión de financiamento de

préstamo (antigo PAI 2017) por unha contía de 492.878,41 €, con destino de parte de esta fonte de financiamento a amortización anticipada dun préstamo vixente do Concello que tiña concertado desde o 11/02/2000 coa entidade financeira ABANCA, por unha contía de 200.878,41 €.

Tense recibida comunicación da Deputación de considerar definitivamente aprobado o citado Plan ao non terse presentadas alegacións ou reclamacións no prazo de exposición e información pública.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un suplemento de crédito de **DOUSCENTOS MIL OITOCENTOS SETENTE E OITO EUROS, CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (200.878,41 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 030/01100/91300 para dar cobertura a amortización anticipada da débeda recollida no Estado de Débeda actual do Concello formalizada no préstamo de ABANCA baixo o código de préstamo 388-3-6.

Achégase como documentación anexa, copia do acordo da Xunta de Goberno Local onde se acordou aprobar a solicitude de participación do Concello no programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña e copia da circular recibida da Deputación Provincial da Coruña de aprobación deste Programa e os termos desta aprobación para o Concello de Santiago.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Neste caso concreto, o financiamento procede da operación de préstamo concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa POS+ 2017 no relativo ao financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) por unha contía de 200.878,41 € coas seguintes condicións beneficiosas para o Concello de Santiago:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019, nos meses de xuño e novembro.

A aplicación orzamentaria de ingreso que recolle os fondos procedentes da operación de préstamo concertado coa Deputación Provincial é 91100.

PROPOSTA

Logo de ver que o Concello de Santiago ten aprobada unha nova operación de préstamo de importe 492.878,41 € por parte da Deputación Provincial da Coruña no marco do seu Programa POS+ 2017 no relativo ao financiamento procedente de préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) co obxecto de destinar unha parte deste financiamento nunha contía fixada en 200.878,41 € a amortizar operacións de débeda vivas do Concello en situación de condicións económicas menos beneficiosas cas recibidas pola nova operación de préstamo concertada.

Considerando que o préstamo a amortizar anticipadamente polo Concello que resulta máis beneficioso é o formalizado no seu momento coa entidade financeira ABANCA en data de 11/02/2000 recollido baixo o código 388-3-6.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Suplemento de Crédito do Orzamento municipal do ano 2017 baixo o número de referencia **2017-SUPLE-01**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2017-SUPLE-01 por un importe de 200.878,41 euros co obxecto de amortizar anticipadamente débeda viva do Concello. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de ABANCA formalizado o 11/02/2000 co código 388-3-6)	030 01100 91300	200.878,41	SC	Financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) no marco do Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña	91100	200.878,41
GASTO CAPÍTULO 9		200.878,41	INGRESO CAPÍTULO 9			200.878,41

ASUNTO 3: EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2017-CREXT-02 PARA NOVOS INVESTIMENTOS DE IMPORTE UN MILLÓN DOUSCENTOS SEIS MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (1.206.344,75 €).

ANTECEDENTES

Informe proposta do director da área técnica de desenvolvemento urbano e sostible de data 22 de xuño de 2017 e proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial da mesma data.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro de 2017 acordou, a proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial, solicitar a participación do Concello de Santiago no “Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal – Plan único dos Concellos “POS+ 2017”.

Con data de 13 de xuño de 2017 recibíuse circular da Deputación Provincial comunicando a aprobación do POS+ 2017 e, recentemente, tense recibida comunicación da Deputación de considerar definitivamente aprobado o citado Plan ao non terse presentadas alegacións ou reclamacións no prazo de exposición e información pública.

No marco da xestión polo Concello deste programa aprobado pola Deputación, compre modificar o orzamento do Concello do ano 2017 mediante expediente de crédito extraordinario de contía **1.206.344,75 €** baseado en dúas circunstancias:

1ª.- Incluído neste programa da Deputación, que para este ano engloba o financiamento da deputación para o antigo POS (achega provincial 2017), o antigo PAS (achega provincial 2016) e o antigo PAI 2017 (préstamo provincial 2017), o Concello de Santiago solicitou da Deputación Provincial da Coruña aproveitar as vantaxes económicas deste programa da Deputación, no relativo ao importe do préstamo provincial 2017 que para este ano foi concedido por unha contía de 492.878,41 €, para utilizar unha parte desta fonte de financiamento para executar dous novos investimentos no rural por unha contía de 292.000,00 €.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un crédito extraordinario de **DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL EUROS (292.000,00 €)** co seguinte detalle:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS		
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 6	140.000,00	CE	Financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) no marco do Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña	91100	292.000,00
Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira	100	16100	60900	2017 2 PPROV 35 7	152.000,00				
					292.000,00				292.000,00

2ª.- Ao mesmo tempo, na documentación remitida á Oficina de Orzamentos desde o centro xestor Medio Rural en relación ao proxecto de orzamentos 2017, achegábase a seguinte proposta de financiamento da Deputación Provincial no marco do programa POS+ 2017:

- Previsión de achega de subvención da Deputación para financiamento de gasto corrente baixo a aplicación orzamentaria de ingresos 46100, que se xustificaría con execución de gasto vinculado ao consumo do alumeadado público municipal (aplicación orzamentaria de gasto 060 16500 22100) por unha contía de 351.540,30 €.

- Achega de subvención da Deputación por unha contía de 852.000,00 € baixo a aplicación orzamentaria de ingresos 76100 e unha achega de 63.003,00 € procedente de préstamo a formalizar no ano 2017, para financiamento de novos investimentos que se relacionaron e que figuran aprobados no anexo de investimentos do orzamento 2017 co seguinte detalle das actuacións inicialmente previstas a executar:

ORG.	PROG.	ECON.	CK	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLEO (1+2+3+4+5+6+7+8+9)	76100 (4)	91301 (9)
100	16100	60900	35	ABASTECIMIENTO DOMIC AUGA POTABLE. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Aríns e Villestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	193.310,00	2017 2 PDEPU 64	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		193.310,00	180.000,00	13.310,00
100	45400	60900	35	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obra de mellora de firme cruce Chorenta de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	193.310,00	2017 2 PDEPU 66	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		193.310,00	180.000,00	13.310,00
100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliación da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	227.677,00	2017 2 MARRO 67	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		227.677,00	212.000,00	15.677,00
100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.	150.353,00	2017 2 EIXO 68	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Senda peonil e ampliación da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.	150.353,00	2017 2 PDEPU 69	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
SUBTOTAL GASTO CAPITULO 6						915.003,00			0,00	915.003,00	852.000,00	63.003,00

Con posterioridade, ao longo do proceso de tramitación da aprobación das achegas previstas baixo o programa da Deputación POS+ 2017 (que inclúe os conceptos de achega provincial 2017 – antigo POS 2017, achega provincial 2016 – antigo PAS 2016, e préstamo provincial 2017 – antigo PAI 2017), e unha vez recibidos e concluídos a redacción dos proxectos que daban sustento ás obras con previsión de executar baixo este programa, foi necesaria unha adecuación dos investimentos a incluír baixo o financiamento deste programa da Deputación, con inclusión dalgúns novos e con variación de cantidades noutros xa incluídos na proposta inicial.

No acordo final da proposta da Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro de 2017, o Concello de Santiago finalmente aprobou unha serie de investimentos a financiar con estas achegas por unha contía final de 851.341,75 € incluíndo proxectos novos e variando as contías dalgúns dos inicialmente recollidos no orzamento 2017 aprobado, sendo necesario adecuar o anexo de investimentos aprobado, no relativo as créditos necesarios e os proxectos de gasto, a aquelas actuacións que darán xustificación ao importe final da achega da Deputación, recoñecendo previamente, segundo o establecido no asunto 1 desta proposta, unha baixa no orzamento municipal de 658,25 € nos proxectos recollidos no orzamento municipal.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un crédito extraordinario de **NOVECIENTOS CATORCE MIL TRESCIENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (914.344,75 €)**:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						TIPO MC	FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE		DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
Implantación de equipos deportivos e de ocio en Lavacolla. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 1	194.511,66	CE	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Arins e Villestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	16100	60900	2017 2 PDEPU 64	192.651,75	
Ampliaçion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 PPROV 35 2	227.677,00		Obra de mellora de firme cruce Chorenta de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	45400	60900	2017 2 PDEPU 66	193.310,00	
Mellora de pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorenta - Neiro. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 3	193.265,53		Ampliaçion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 MARRO 67	227.677,00	
Senda peonil na rúa da Xunlla e ampliación do paso sobre o río Sar en Laraño. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 4	182.874,56		Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 EIXO 68	150.353,00	
Mellora pavimentación viario de acceso ás Pereiras. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 5	116.016,00		Senda peonil e ampliacion da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.				2017 2 PDEPU 69	150.353,00	
					914.344,75								914.344,75

Achégase como documentación anexa, copia do acordo da Xunta de Goberno Local onde se acordou aprobar a solicitude de participación do Concello no programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña e copia da circular recibida da Deputación Provincial da Coruña de aprobación deste Programa e os termos desta aprobación para o Concello de Santiago así como circular da Deputación declarando definitivamente aprobado dito programa.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Neste caso concreto, o financiamento da circunstancia 1ª procede da operación de préstamo concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa POS+ 2017 no relativo ao financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) por unha contía de 292.000,00 € coas seguintes condicións beneficiosas para o Concello de Santiago:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia

- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019, nos meses de xuño e novembro.

A aplicación orzamentaria de ingreso que recolle os fondos procedentes da operación de préstamo concertado coa Deputación Provincial é 91100.

Por outra banda, como recurso que financia o establecido na circunstancia 2ª, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden da baixa do crédito dispoñible das aplicacións orzamentarias incluídas nos proxectos de gasto do anexo de investimentos do ano 2017 relacionadas coa previsión da achega da Deputación Provincial no marco do programa POS+ 2017 no que atinxe a achega provincial 2017 e a achega provincial 2016, por un importe global de 851.341,75,00 €, tendo en conta previamente a baixa do orzamento recollida no asunto 1 deste informe-proposta.

PROPOSTA

Logo de ver que o Concello de Santiago ten aprobada unha nova operación de préstamo de importe 492.878,41 € por parte da Deputación Provincial da Coruña no marco do seu Programa POS+ 2017 no relativo ao financiamento procedente de préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) co obxecto de destinar unha parte deste financiamento nunha contía fixada en 292.000,00 € para a execución de dous novos investimentos xa aprobados.

Logo de ver que a Deputación Provincial da Coruña ten aprobada ao Concello de Santiago no marco do programa POS+ 2017 (no relativo á achega provincial 2017 e a achega provincial 2016) unha achega global de 851.341,75 € para execución dunha serie de investimentos aprobados en acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro de 2017, e tendo en conta que a relación de investimentos aprobados e incluídos no anexo de investimentos do Orzamento municipal do ano 2017 financiados coa previsión da achega provincial no marco do programa antedito non son coincidentes cos finalmente aprobados en Xunta de Goberno e pola Deputación Provincial.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Crédito Extraordinario do Orzamento municipal do ano 2017 baixo o número de referencia **2017-CREXT-02**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e

Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2017-CREXT-02 por un importe de 1.206.344,75 euros co obxecto de financiar novos investimentos baixo o Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS		
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 6	140.000,00	CE	Financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) no marco do Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña	91100	292.000,00
Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira	100	16100	60900	2017 2 PPROV 35 7	152.000,00				
					292.000,00				292.000,00

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
Implantación de equipos deportivos e de ocio en Lavacolla. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 1	194.511,66	CE	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Arins e Vilvestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	16100	60900	2017 2 PDEPU 64	192.651,75	
Ampliancion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 PPROV 35 2	227.677,00		Obra de mellora de firme cruce Chorente de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	45400	60900	2017 2 PDEPU 66	193.310,00	
Mellora de pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 3	193.265,53		Ampliancion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 MARRO 67	227.677,00	
Senda peonil na rúa da Xunlla e ampliación do paso sobre o río Sar en Laraño. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 4	182.874,56		Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 EIXO 68	150.353,00	
Mellora pavimentación viario de acceso ás Pereiras. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 5	116.016,00		Senda peonil e ampliación da ponte no lugar de Párdinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.				2017 2 PDEPU 69	150.353,00	
					914.344,75								914.344,75

TOTAL DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 1.206.344,75 euros

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2017, e, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante baixa do Orzamento municipal do ano 2017 baixo o número de referencia **2017-BAIXA-01** con base no asunto primeiro que se describe no informe que antecede, por unha contía de **SEISCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS DE EURO (658,25 €)**.

Este expediente, que incorpora un asunto, terá o seguinte detalle:

A) BAIXA do orzamento xeral do Concello do exercicio 2017 nunha contía de 658,25 €:

O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Baixa de crédito do orzamento do Concello	100 16100 60900	2017 2 PDEPU 64	658,25	BAIXA	Baixa prevista como achega da Deputación aos investimentos do programa POS+ 2017	76100	658,25
GASTO CAPÍTULO 6			658,25		INGRESO CAPÍTULO 7		658,25

B) Financiamento:

1. Baixas por anulación: **658,25 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total baixa no orzamento	658,25 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	658,25 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL BAIXA DO ORZAMENTO DO CONCELLO: 658,25 euros

SEGUNDO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2017-SUPLE-01 con base no asunto segundo que se describe no informe que antecede, por importe de **DOUSCENTOS MIL OITOCENTOS SETENTE E OITO EUROS, CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (200.878,41 €)**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) **Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:**

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2017-SUPLE-01 por un importe de 200.878,41 euros co obxecto de amortizar anticipadamente débeda viva do Concello. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMIENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de ABANCA formalizado o 11/02/2000 co código 388-3-6)	030 01100 91300	200.878,41	SC	Financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) no marco do Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña	91100	200.878,41
GASTO CAPÍTULO 9		200.878,41	INGRESO CAPÍTULO 9			200.878,41

B) **Financiamento:**

1. Novas previsións de ingresos: **200.878,41 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito	200.878,41 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	200.878,41 euros
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 200.878,41 euros

TERCEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2017-CREXT-02 con base no asunto terceiro que se describe no informe que antecede, por importe de **UN MILLÓN DOUSCENTOS SEIS MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS, CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (1.206.344,75 €).**

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) **Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2017-CREXT-02 por un importe de 1.206.344,75 euros co obxecto de financiar novos investimentos baixo o Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS			
DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE	
Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 6	140.000,00	CE	Financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) no marco do Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña	91100	292.000,00	
Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira	100	16100	60900	2017 2 PPROV 35 7	152.000,00					
					292.000,00					292.000,00

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
Implantación de equipos deportivos e de ocio en Lavacolla. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 1	194.511,66	CE	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Aríns e Vilvestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	16100	60900	2017 2 PDEPU 64	192.651,75	
Ampliacion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 PPROV 35 2	227.677,00		Obra de mellora de firme cruce Chorento de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	45400	60900	2017 2 PDEPU 66	193.310,00	
Mellora de pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorento - Neiro. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 3	193.265,53		Ampliacion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 MARRO 67	227.677,00	
Senda peonil na rúa da Xunlla e ampliación do paso sobre o río Sar en Laraño. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 4	182.874,56		Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 EIXO 68	150.353,00	
Mellora pavimentación viario de acceso ás Pereiras. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 5	116.016,00		Senda peonil e ampliacion da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.				2017 2 PDEPU 69	150.353,00	
					914.344,75								914.344,75

B) **Financiamento:**

- | | |
|----------------------------------|-------------------------|
| 1. Novas previsións de ingresos: | 292.000,00 euros |
| 2. Baixas por anulación: | 914.344,75 euros |

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	1.206.344,75 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	292.000,00 euros
b) Baixas por anulación	914.344,75 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 1.206.344,75 euros

CUARTO: Modificar o anexo de investimentos do exercicio 2017 nos seguintes termos:

1º.- Adecuar os proxectos de gasto incluídos no anexo de investimentos relacionados co financiamento procedente do programa POS+2017 da Deputación Provincial con base nas modificacións orzamentarias tramitadas nos apartados anteriores, procedendo á baixa dos seguintes proxectos de gasto:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLOEO (1+2+3+4+5+6+7+ 8+9)	76100 (4)	91301 (9)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	16100	60900	35	ABASTECIMIENTO DOMIC AUGA POTABLE. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Arins e Vilvestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	192.651,75	2017 2 PDEPU 64	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		192.651,75	179.341,75	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	60900	35	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obra de mellora de firme cruce Chorente de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	193.310,00	2017 2 PDEPU 66	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		193.310,00	180.000,00	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliacion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	227.677,00	2017 2 MARRO 67	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		227.677,00	212.000,00	15.677,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.	150.353,00	2017 2 EIXO 68	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Senda peonil e ampliacion da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.	150.353,00	2017 2 PDEPU 69	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							914.344,75			0,00	914.344,75	851.341,75	63.003,00

e incluíndo como novos proxectos de gasto os seguintes coa nova distribución da achega da Deputación e do préstamo a formalizar no exercicio 2017:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLOEO (1+2+3+4+5+6+7+ 8+9)	76100 (4)	91301 (9)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	16100	60900	35	ABASTECIMIENTO DOMIC AUGA POTABLE. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Arins e Vilvestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	192.651,75	2017 2 PDEPU 64	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		192.651,75	179.341,75	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	60900	35	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obra de mellora de firme cruce Chorente de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	193.310,00	2017 2 PDEPU 66	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		193.310,00	180.000,00	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliacion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	227.677,00	2017 2 MARRO 67	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		227.677,00	212.000,00	15.677,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.	150.353,00	2017 2 EIXO 68	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Senda peonil e ampliacion da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.	150.353,00	2017 2 PDEPU 69	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							914.344,75			0,00	914.344,75	851.341,75	63.003,00

2º.- Incluir no anexo de investimentos os novos proxectos de gasto financiados co préstamo PAI 2017 formalizado coa Deputación Provincial:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLOEO (1+2+3+4+5+6+7+ 8+9)	91100 (8)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	17100	60900	35	PARQUES E XARDÍNS. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo	140.000,00	2017 2 PPROV 35 6	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		140.000,00	140.000,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	16100	60900	35	ABASTECIMIENTO DOMIC DE AUGA POTABLE. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira	152.000,00	2017 2 PPROV 35 7	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		152.000,00	152.000,00
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							292.000,00			0,00	292.000,00	292.000,00

QUINTO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

SEXTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

O proxecto de expediente de modificación de crédito de baixa do orzamento 2017-BAIXA-01, de suplemento de crédito 2017-SUPLE-01, e de crédito extraordinario 2017-CREXT-02, foi aprobado pola Xunta de Goberno, en sesión de 14 de xullo do corrente ano.

Xa que logo, de conformidade co informe-proposta transcrito, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do día 17 de xullo de 2017, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante baixa do Orzamento municipal do ano 2017 baixo o número de referencia **2017-BAIXA-01**, por unha contía de **SEISCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS DE EURO (658,25 €)**.

Este expediente, que incorpora un asunto, terá o seguinte detalle:

A) BAIXA do orzamento xeral do Concello do exercicio 2017 nunha contía de 658,25 €:

O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Baixa de crédito do orzamento do Concello	100 16100 60900	2017 2 PDEPU 64	658,25	BAIXA	Baixa prevista como achega da Deputación aos investimentos do programa POS+ 2017	76100	658,25
GASTO CAPÍTULO 6			658,25		INGRESO CAPÍTULO 7		658,25

B) Financiamento:

1. Baixas por anulación: **658,25 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total baixa no orzamento	658,25 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	658,25 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL BAIXA DO ORZAMENTO DO CONCELLO: 658,25 euros

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2017-SUPLE-01, por importe de **DOUSCENTOS MIL OITOCENTOS SETENTA E OITO EUROS, CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (200.878,41 €)**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2017-SUPLE-01 por un importe de 200.878,41 euros co obxecto de amortizar anticipadamente débeda viva do Concello. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMIENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de ABANCA formalizado o 11/02/2000 co código 388-3-6)	030 01100 91300	200.878,41	SC	Financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) no marco do Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña	91100	200.878,41
GASTO CAPÍTULO 9		200.878,41	INGRESO CAPÍTULO 9			200.878,41

B) Financiamiento:

1. Novas previsións de ingresos: **200.878,41 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito	200.878,41 euros
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	200.878,41 euros
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 200.878,41 euros

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2017-CREXT-02, por importe de **UN MILLÓN DOUSCENTOS SEIS MIL TRESCENTOS CORENTA E CATRO EUROS, CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (1.206.344,75 €)**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2017-CREXT-02 por un importe de 1.206.344,75 euros co obxecto de financiar novos investimentos baixo o Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS		
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 6	140.000,00	CE	Financiamento procedente do préstamo provincial 2017 (antigo PAI 2017) no marco do Programa POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña	91100	292.000,00
Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira	100	16100	60900	2017 2 PPROV 35 7	152.000,00				
					292.000,00				292.000,00

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
Implantación de equipos deportivos e de ocio en Lavacolla. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	17100	60900	2017 2 PPROV 35 1	194.511,66	CE	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Arins e Vilvestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	16100	60900	2017 2 PDEPU 64	192.651,75	
Ampliancion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 PPROV 35 2	227.677,00		Obra de mellora de firme cruce Chorento de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	100	45400	60900	2017 2 PDEPU 66	193.310,00	
Mellora de pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorento - Neiro. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 3	193.265,53		Ampliancion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	100	45400	61900	2017 2 MARRO 67	227.677,00	
Senda peonil na rúa da Xunlla e ampliación do paso sobre o río Sar en Laraño. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 4	182.874,56		Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 EIXO 68	150.353,00	
Mellora pavimentación viario de acceso ás Pereiras. Plan Único da Deputación da Coruña.				2017 2 PPROV 35 5	116.016,00		Senda peonil e ampliacion da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.				2017 2 PDEPU 69	150.353,00	
					914.344,75								914.344,75

B) Financiamiento:

1. Novas previsións de ingresos:	292.000,00 euros
2. Baixas por anulación:	914.344,75 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	1.206.344,75 euros
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	292.000,00 euros
b) Baixas por anulación	914.344,75 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 1.206.344,75 euros

CUARTO: Modificar o anexo de investimentos do exercicio 2017 nos seguintes termos:

1º.- Adecuar os proxectos de gasto incluídos no anexo de investimentos relacionados co financiamento procedente do programa POS+2017 da Deputación Provincial con base

nas modificacións orzamentarias tramitadas nos apartados anteriores, procedendo á baixa dos seguintes proxectos de gasto:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLOEO (1+2+3+4+5+6+7+8+9)	76100 (4)	91301 (9)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	16100	60900	35	ABASTECIMIENTO DOMIC AUGA POTABLE. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Aríns e Vilvestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	192.651,75	2017 2 PDEPU 64	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		192.651,75	179.341,75	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	60900	35	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obra de mellora de firme cruce Chorenta de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	193.310,00	2017 2 PDEPU 66	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		193.310,00	180.000,00	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliacion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	227.677,00	2017 2 MARRO 67	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		227.677,00	212.000,00	15.677,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.	150.353,00	2017 2 EIXO 68	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Senda peonil e ampliacion da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.	150.353,00	2017 2 PDEPU 69	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							914.344,75			0,00	914.344,75	851.341,75	63.003,00

e incluíndo como novos proxectos de gasto os seguintes coa nova distribución da achega da Deputación e do préstamo a formalizar no exercicio 2017:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLOEO (1+2+3+4+5+6+7+8+9)	76100 (4)	91301 (9)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	16100	60900	35	ABASTECIMIENTO DOMIC AUGA POTABLE. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obras de saneamento e abastecemento parroquias Figueiras, Aríns e Vilvestro. Plan unico da Deputacion da Coruña.	192.651,75	2017 2 PDEPU 64	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		192.651,75	179.341,75	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	60900	35	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Obra de mellora de firme cruce Chorenta de Nemenzo a Busto. Plan unico da Deputacion da Coruña.	193.310,00	2017 2 PDEPU 66	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		193.310,00	180.000,00	13.310,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliacion da ponte da Cañoteira e Outeiro de Marrozos. Plan Único da Deputación da Coruña.	227.677,00	2017 2 MARRO 67	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		227.677,00	212.000,00	15.677,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XERAL	Ampliación e mellora dos espazos publicos no campo da festa do Eixo. Plan Único da Deputación da Coruña.	150.353,00	2017 2 EIXO 68	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	45400	61900	35	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVEST DE REPOSICIÓN EN INFRASTRUCT E BENS USO XRAL	Senda peonil e ampliacion da ponte no lugar de Pardinas (Laraño). Plan unico da Deputacion da Coruña.	150.353,00	2017 2 PDEPU 69	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		150.353,00	140.000,00	10.353,00
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							914.344,75			0,00	914.344,75	851.341,75	63.003,00

2º.- Incluir no anexo de investimentos os novos proxectos de gasto financiados co préstamo PAI 2017 formalizado coa Deputación Provincial:

ÁREA CONCELLERÍA	ORG.	PROG.	ECON.	CX	DESCRIPCIÓN	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE	PROXECTO	VINCULACION	RECURSOS PROPIOS	FINANCIAMENTO ALLOEO (1+2+3+4+5+6+7+8+9)	91100 (8)
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	17100	60900	35	PARQUES E XARDÍNS. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Dúas pistas polideportivas multiusos no lugar de Carregal e parque biosaudábel no entorno da igrexa do Piñeiro no Eixo	140.000,00	2017 2 PPROV 35 6	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		140.000,00	140.000,00
MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	100	16100	60900	35	ABASTECIMIENTO DOMIC DE AUGA POTABLE. OUTROS INVEST NOVOS EN INFRAEST E BENS USO XRAL	Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira	152.000,00	2017 2 PPROV 35 7	CUALITATIVA-CUANTITATIVA		152.000,00	152.000,00
SUBTOTAL GASTO CAPÍTULO 6							292.000,00			0,00	292.000,00	292.000,00

QUINTO: Expoñer ao público o expediente durante o prazo de quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

SEXTO: Elevar automaticamente a definitivo o acordo inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formularon reclamacións ou alegacións, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A SITUACIÓN QUE SE ESTÁ A VIVIR NA RÚA FERNANDO III O SANTO E A RESPOSTA QUE DEBE DAR O GOBERNO LOCAL.

A proposición presentada con data 16 de xuño do corrente ano, número de rexistro 227, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios do mes de abril, o Grupo Municipal do Partido Popular formulou unha serie de preguntas sobre o operativo da policía local e a existencia de responsabilidades administrativas impulsadas polo goberno de Compostela Aberta ante a situación que se está a vivir na rúa de Fernando III o Santo, nas inmediacións dun local de ocio.

Malia ter transcorrido o tempo lóxico e regulamentario que o goberno de Compostela Aberta tiña para dar resposta ás preguntas escritas, non se deu contestación á preocupación mostrada polo Grupo Popular.

Tal ausencia de resposta constitúe un indicio de que, sendo incuestionable a preocupación da Policía, pode ser moi escasa a implicación do goberno municipal na resolución dun problema que afecta tanto á convivencia como á propia seguridade cidadá, causando un menoscabo nos dereitos dos veciños e xerando unha situación de lóxica alarma social.

É por todo o exposto que desde o Grupo Municipal do Partido Popular propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno municipal a:

Primeiro.- Que se garanta a presenza permanente, nos tramos horarios de maior risco, das unidades da Policía Local necesarias para disuadir comportamentos incívicos e para dar tranquilidade aos residentes da rúa de Fernando III o Santo.

Segundo.- Que, previos os trámites e requisitos preceptivos, se proceda á instalación dun sistema de videovixilancia no tramo da rúa onde se están a rexistrar graves problemas de convivencia e seguridade.

Terceiro.- Que se tramiten sen dilación e de acordo cos principios do dereito sancionador os expedientes polas infraccións cometidas na citada rúa.

Cuarto.- Que o goberno municipal impulse a incorporación á Ordenanza de Convivencia dunha habilitación á Policía semellante a que se prevé na Ordenanza Tipo de “Seguridad y Convivencia Ciudadana” da FEMP, cuxo artigo 178.1 dispón que “los agentes de la autoridad exigirán en todo momento el cumplimiento inmediato de las disposiciones previstas en esta Ordenanza y, sin perjuicio de proceder a denunciar las conductas antijurídicas, podrán requerir verbalmente a las personas que no respeten las normas para que desistan en su actitud o comportamiento, advirtiéndolas de que en caso de resistencia pueden incurrir en responsabilidad criminal por desobediencia”, e cuxo punto terceiro sinala: “En caso de resistencia a estos requerimientos, y sin perjuicio de lo que se dispone en el apartado 1 de este artículo, las personas infractoras podrán ser desalojadas, cumpliendo en todo caso con el principio de proporcionalidad”.

Á anterior proposición presentou o BNG, emenda de substitución con data 19 de xullo, núm. 254, que non foi aceptada polo grupo municipal do Partido Popular.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 10 votos en contra dos/as concelleiros/as correspondentes ao grupo municipal de Compostela Aberta, e 5 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), rexeita a proposición transcrita.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA IMPULSAR A INCORPORACIÓN DO CORPO DA POLICÍA LOCAL AO “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”.

O texto da proposición do epígrafe, presentada con data 16 de xuño de 2017, número de rexistro 228, é o que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os máis de dez anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (LOMPIVG), produciuse un intenso labor de desenvolvemento normativo para abordar a violencia de xénero en todos os niveis da Administración, incluída a Administración local. Deste xeito, aprobáronse sucesivos plans específicos orientados á prevención, asistencia e protección da violencia de xénero, como a vixente Estratexia Nacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller e o II Plan Integral de Loita contra a Trata de Mulleres e Nenas con fins de explotación sexual.

O Estatuto da vítima do delito, en vigor desde abril de 2015, contén igualmente referencias á normativa especial en materia de vítimas con particulares necesidades ou con especial vulnerabilidade, cuestión que resulta de total e directa aplicación no marco da intervención protectora por parte do conxunto das administracións públicas; e a este marco veu a incorporarse o ano pasado a instrución 7/2016, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se establece un novo protocolo para a valoración policial do nivel de risco de violencia de xénero e de xestión da seguridade das vítimas.

A coordinación institucional resulta un factor clave para alcanzar os obxectivos legais e conseguir unha maior protección das mulleres vítimas de maltrato. A coordinación configúrase como un dos medios máis eficaces para erradicar estes comportamentos antisociais, por canto serve para reforzar a prevención, aumentar a sensibilización e a conciencia social, permitir a facilidade da denuncia, unha atención integral e personalizada da vítima, así como o control do maltratador.

Este compromiso de traballar conxuntamente para mellorar os sistemas de loita contra a violencia de xénero e de acadar un Pacto de Estado nesta materia está rubricado en ambas cámaras das Cortes Xerais. Así o Senado, a raíz da presentación dunha proposta de Moción do Grupo Parlamentario Popular, asinada por todos os grupos da Cámara, aprobou unha declaración institucional, na sesión da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas celebrada o pasado 27 de marzo, cuxo apartado 3.2 propón textualmente:

“Revisar e reforzar os protocolos vixentes para mellorar tanto a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas como a detección temperá para evitar que as agresións poidan producirse, para o que é necesario garantir o mantemento da rede de atención directa ás vítimas en todos os niveis, especialmente na Administración local por ser a máis próxima aos cidadáns”

O Ministerio do Interior ten elaborado un Acordo de Colaboración municipal para a cooperación e colaboración da Policía Local no Sistema de Seguimento Integral das

Vítimas “Viogen” que se configura como un instrumento valioso para a loita contra a violencia de xénero. Un sistema que se activa cando as forzas e corpos de seguridade do Estado teñen coñecemento dun posible caso de violencia de xénero e se pon e marcha un seguimento personalizado e periódico da vítima, determinando as medidas de protección máis axeitadas en función do nivel de risco.

É unha forma optimizar os recursos humanos e materiais dos que dispoñen as forzas e corpos de seguridade existentes en cada concello, incorporando á policía local cuxa participación é moi importante, posto que a violencia de xénero ten o seu principal escenario no fogar e, polo tanto, o coñecemento inmediato e persoal da policía local é un activo fundamental para a incorporación ao sistema. Segundo datos do Ministerio do Interior, no primeiro trimestre de 2017 a cifra de concellos que se teñen adherido ao sistema Viogen en España rolda os 300.

Desde o Grupo Municipal Popular consideramos que o Concello de Santiago podería adherirse a este sistema e participar así de forma máis activa contra esta clase de delitos e crimes de violencia machista que moitas veces se producen na intimidade familiar onde a vítima é máis débil.

Por iso, propoñémoslle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Incorporar o Corpo de Policía Local do Concello ao “Sistema de Seguimento Integral dos casos de violencia de xénero”, conforme ao modelo de acordo de colaboración que promove o Ministerio do Interior.

Segundo.- Iniciar a tramitación do expediente a través da correspondente Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller adscrita á Subdelegación do Goberno da Coruña, de acordo coa Guía de tramitación para a incorporación da Policía Local ao “Sistema Viogen”.

Terceiro.- Facultar ao alcalde para a sinatura do Acordo de Colaboración entre o Concello e o Ministerio do Interior co fin de formalizar a incorporación á que se refire o acordo primeiro e de cantas xestións resulten necesarias para este fin.”

Auséntase do salón de plenos a señora Interventora, que xa non se reincorpora á sesión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, e 15 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Incorporar o Corpo de Policía Local do Concello ao “Sistema de Seguimento Integral dos casos de violencia de xénero”, conforme ao modelo de acordo de colaboración que promove o Ministerio do Interior.

Segundo.- Iniciar a tramitación do expediente a través da correspondente Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller adscrita á Subdelegación do Goberno da Coruña, de acordo coa Guía de tramitación para a incorporación da Policía Local ao “Sistema Viogen”.

Terceiro.- Facultar ao alcalde para a sinatura do Acordo de Colaboración entre o Concello e o Ministerio do Interior co fin de formalizar a incorporación á que se refire o acordo primeiro e de cantas xestións resulten necesarias para este fin.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA ESIXIR A ACTIVACIÓN DO ERTMS QUE, CATRO ANOS DESPOIS DO ACCIDENTE DE ANGROIS, NON ESTÁ OPERATIVO.

A proposición presentada polo grupo municipal do BNG con data 7 de xullo de 2017, número de rexistro 238, co contido que literalmente se transcribe:

“O grupo municipal do BNG, a iniciativa da súa concelleira Goretti Sanmartín Rei e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa a esixirlles ao Ministerio de Fomento, ADIF e Renfe que se executen os compromisos adquiridos para mellorar a seguranza ferroviaria coa activación do sistema ERTMS que, catro anos despois do accidente de Angrois, segue sen estar operativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de xullo de 2013 Santiago de Compostela foi escenario dun accidente ferroviario que causou 81 persoas falecidas e 144 feridas. Dous meses despois, o Pleno da Corporación adoptou por unanimidade o acordo de instar ao Ministerio de Fomento, ADIF e Renfe a revisar de xeito inmediato as condicións das entradas ferroviarias á cidade e á implantación do sistema de seguranza acaído á liña de velocidade alta en todo o trazado de Galiza. Porén, responsábeis de Fomento, ano tras ano, anuncian que o ERTMS se vai activar “antes de final de ano”, mais o certo é que transcorridos catro anos da traxedia de Angrois non se corrixiron as deficiencias de seguridade co sistema de freado automático que podería ter evitado o sinistro.

O xuíz Luís Aláez expresara nun auto que “é unha imprudencia que tantas vidas dependan da pericia dunha persoa, cando existen mecanismos técnicos ao noso alcance

para evitar traxedias en caso de erros ou imprudencias do maquinista”. Máis recentemente, acusou de cometer unha “clamorosa infracción da normativa” para acelerar as obras a cambio de rebaixar a seguranza ferroviaria. Todo indica, e así o ratificou o propio presidente do ADIF, a que se se tivese empregado en todo o trazado Ourense-Santiago o sistema ERTMS en vez do ASFA dixital este fatal accidente poderíase ter evitado.

Pola súa parte, o xuíz Andrés Lago Louro sostén que o daquela director de Seguridade de Circulación de ADIF, Andrés María Cortabitarte López, “non cumpriu coa súa función, a pesar de que estaba avisado do perigo que había na curva” da Grandeira para elaborar “a preceptiva e necesaria análise de risco integral co fin de mitigar as posíbeis consecuencias na liña de alta velocidade que une Ourense con Santiago”. ADIF estaba informada dos riscos de descarrilamento que había na curva de Angrois ao ter que reducirse a velocidade de forma drástica sen o apoio de sistemas de seguranza, mais non fixo nada ao respecto, defende o maxistrado.

O informe definitivo do perito xudicial designado no caso de Angrois, o do enxeñeiro de telecomunicacións César Mariñas Dávila, conclúe que co sistema de control de velocidades ERTMS instalado e activo como estaba previsto no proxecto inicial da liña Ourense-Santiago, o accidente do Alvia non se podería producir.

Deste xeito, Galiza segue a padecer unha discriminación con respecto a outros lugares do Estado onde dispoñen de maiores medidas de seguranza ferroviaria. Na investigación xudicial dáse conta de que existen responsabilidades políticas ante a decisión de acurtar prazos e de recortar economicamente na dotación do sistema de seguridade que lle correspondía a este tramo, desoíndo incluso as advertencias sobre o perigo que entrañaba esa curva.

A Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios recibiu unha carta da comisaria de Transporte da Unión Europea para convidar a reabrir as investigacións sobre o accidente de Angrois dunha maneira independente, cuestión que o BNG leva reclamado en tantas ocasións e que sempre encontrou un muro do PP e do PSOE.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela esíxelles a Fomento, ADIF e Renfe que se executen os compromisos adquiridos para mellorar a seguranza ferroviaria coa activación do sistema ERTMS que, catro anos despois do accidente de Angrois, segue sen estar operativo.

O Concello de Santiago de Compostela apoia a convocatoria de manifestación da Plataforma de Vítimas do Tren Alvia que sairá o 24 de xullo ás 11:00 da estación ferroviaria até a praza do Obradoiro para reivindicar a creación das comisións de investigación técnica e parlamentar.”

A anterior proposición presenta emenda de substitución, o grupo municipal do Partido Popular, con rexistro de entrada do día 18 de xullo do corrente ano, e núm. 253, que non é aceptada polo grupo municipal do BNG.

Xa que logo, rematado o debate o Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as correspondentes aos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- O Concello de Santiago de Compostela esíxelles a Fomento, ADIF e Renfe que se executen os compromisos adquiridos para mellorar a seguranza ferroviaria coa activación do sistema ERTMS que, catro anos despois do accidente de Angrois, segue sen estar operativo.

2.- O Concello de Santiago de Compostela apoia a convocatoria de manifestación da Plataforma de Vítimas do Tren Alvia que sairá o 24 de xullo ás 11:00 da estación ferroviaria até a praza do Obradoiro para reivindicar a creación das comisións de investigación técnica e parlamentar.

Ao rematar a votación do presente asunto, auséntase a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey, que xa non se reincorpora á sesión.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, PARA ESTUDAR O TRABALLO REALIZADO POLO RESPONSABLE DA ÁREA DE ACCESIBILIDADE E APROBACIÓN DUN PLAN DE OBRAS PARA EXECUTAR AQUELAS QUE SE CONSIDEREN MÁIS PRIORITARIAS.

O texto da proposición presentada polo PSdeG-PSOE, con data 11 de xullo de 2017, número de rexistro 241, ten o contido que se reflicte:

“A Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple ten como principal finalidade a de contribuír á mellora da calidade de vida e a plena integración social das persoas con discapacidades afectadas pola esclerose múltiple.

Para esta asociación, así como para as entidades públicas e concretamente para o Concello de Santiago, un dos principais retos é lograr unha cidade sen barreiras onde todas as persoas se poidan desenvolver sen ningún tipo de atrancos. Neste obxectivo de mellorar a nosa cidade e facela máis accesible, a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple puxo a disposición do Concello un traballo realizado por Julio Louro, responsable da área de accesibilidade da asociación, no que aborda solucións a curto, medio e longo prazo, tendo en conta tanto os criterios económicos como a intensidade de utilización para as persoas con mobilidade reducida.

Compostela é certo que ten feito un traballo importante á hora de interpretar a nova dimensión de accesibilidade universal, que vai máis alá da eliminación das barreiras arquitectónicas e que chega ao planeamento urbanístico polo que recibiu no ano 2006 o premio Reina Sofía de accesibilidade. Este premio non só foi un recoñecemento ao Concello senón a todas as entidades sociais da cidade, o que pon de manifesto a importancia da colaboración entre a administración e as asociacións que mellor coñecen esta realidade.

Por todo isto, e coa fin de seguir traballando pola accesibilidade universal, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que o goberno municipal estude o traballo realizado por Julio Louro, responsable da área de accesibilidade de ACEM, e aprobe un plan de obras para executar aquelas que sexan máis prioritarias como as que se especifican no estudo adxunto: Camiño de Santiago na rúa das Fontiñas, rúa dos Concheiros, rúa Santa Clara, Cruceiro da Coruña, Avenida Rodrigo de Padrón, rotonda baixo a Avenida de Lugo, acceso ás piscinas do

Sar, rúa do Hórreo, Hospital Clínico, rúa Pombal, Praza de Abastos, Avenida do Camiño Francés e beirarrúas á estación de autobuses pola Avenida Rodríguez de Viguri.

Este plan de obras ten como obxectivo e finalidade facer de Compostela un exemplo de cidade accesible e universal.”

Xa que logo, rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda que polo goberno municipal se estude o traballo realizado por Julio Louro, responsable da área de accesibilidade de ACEM, e aprobo un plan de obras para executar aquelas que sexan máis prioritarias como as que se especifican no estudo adxunto: Camiño de Santiago na rúa das Fontiñas, rúa dos Concheiros, rúa Santa Clara, Cruceiro da Coruña, Avenida Rodrigo de Padrón, rotonda baixo a Avenida de Lugo, acceso ás piscinas do Sar, rúa do Hórreo, Hospital Clínico, rúa Pombal, Praza de Abastos, Avenida do Camiño Francés e beirarrúas á estación de autobuses pola Avenida Rodríguez de Viguri.

Este plan de obras ten como obxectivo e finalidade facer de Compostela un exemplo de cidade accesible e universal.

9. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS COMPENSATORIAS PARA CONTRIBUÍR A AFRONTAR OS GASTOS DOS LOCAIS SOCIOCULTURAIS DE TITULARIDADE VECIÑAL.

A proposición do grupo municipal do Partido Popular presentada con data 11 de xullo de 2017, número de rexistro 242, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como se detalla no Prego Técnico para a contratación dos servizos de dinamización e mediación sociocultural actualmente en trámite, dentro da Rede Sociocultural do Concello de Santiago existen 44 instalacións. A inmensa maioría(32) son de titularidade municipal, outros foron cedidos pola Deputación (6), algúns son alugados (4) e só dous son de propiedade veciñal: O de Aríns, vinculado á Asociación Veciñal “Coto da Nai”, e o da Casa Agraria en Meixonfrío, vinculado á Asoación Veciñal Casa Agraria.

Como é lóxico tanto os gastos habituais como de mantemento dos centros de titularidade municipal e daqueles alugados polo propio Concello son aboados con cargo

ao orzamento municipal, sen que a veciñanza teña que facer fronte a eses conceptos, cuestión que non acontece cos centros de titularidade da veciñanza que, malia a prestar un importante servizo público se ven obrigados a satisfacer cos seus recursos recibos de auga, luz, IBI e outros de mantemento e servizo sen beneficiarse de ningunha axuda nin medida compensatoria por parte da Administración municipal.

Esta situación de agravio comparativo ten sido posta de manifesto en reiteradas ocasións por parte das entidades afectadas e mesmo foi obxecto dalgunha solicitude no seo da Corporación sen que ata o de agora de lle teña dado ningunha solución. E iso a pesar de que o Goberno actual hai máis de un ano se comprometera a estudar esta xusta demanda.

Desde o Grupo Municipal Popular consideramos que é preciso afrontar cantos antes esta situación de excepcionalidade que viven os centros socioculturais do Meixonfrío e de Aríns, articulando algunha medida compensatoria que equipare e equilibre a súa situación respecto das outras instalacións socioculturais. Por este motivo propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano de goberno municipal a estudar e adoptar ao longo do ano actual algunha medida compensatoria para que o Concello contribúa economicamente ao mantemento dos centros socioculturais de titularidade veciñal -na actualidade os da Casa Agraria no Meixonfrío e o de Aríns- para equiparar o seu tratamento co resto da rede pública de locais onde se desenvolven actividades de carácter social e cultural promovidas pola Administración municipal.”

Xa que logo, rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acordainstar ao correspondente órgano de goberno municipal a estudar e adoptar ao longo do ano actual algunha medida compensatoria para que o Concello contribúa economicamente ao mantemento dos centros socioculturais de titularidade veciñal -na actualidade os da Casa Agraria no Meixonfrío e o de Aríns- para equiparar o seu tratamento co resto da rede pública de locais onde se desenvolven actividades de carácter social e cultural promovidas pola Administración municipal.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2016.

Dáse conta da Resolución, de data 16 de xuño de 2017, relativa ao asunto do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“De conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO: aprobar a liquidación do Orzamento do **Concello de Santiago de Compostela** do exercicio 2016 de acordo co informe de Intervención, segundo o seguinte detalle:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

1. OPERACIONS NON FINANCEIRAS	CONCELLO
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONS CORRENTES	92.989.328,54
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONS CORRENTES	75.785.058,84
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓNS CORRENTES	17.204.269,70
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONS DE CAPITAL	2.611.938,35
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONS DE CAPITAL	5.952.982,62
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓNS DE CAPITAL	-3.341.044,27
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	95.601.266,89
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	81.738.041,46
1.3 RESULTADO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	13.863.225,43
2.- ACTIVOS FINANCEIROS	
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	73.572,91
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	78.884,00
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	-5.311,09
3.- PASIVOS FINANCEIROS	
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.548.624,30
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	12.406.801,00
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	-9.858.176,70
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	98.223.464,10
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	94.223.726,46
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	3.999.737,64
AXUSTES	
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	3.206.639,56
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	4.637.107,95
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	4.376.837,50

(4+5-6) TOTAL AXUSTES	3.466.910,01
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+4+5-6)	7.466.647,65

B) REMANENTE DE TESOURERÍA

	CONCELLO
1.- FONDOS LIQUIDOS	21.945.839,62
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	33.954.554,31
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	9.435.207,79
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	23.606.231,81
2.3 DE OPERACIONS NON ORZAMENTARIAS	913.114,71
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	21.274.313,70
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	12.529.466,51
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	449.797,43
3.3 DE OPERACIONS NON ORZAMENTARIAS	8.295.049,76
4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-645.598,20
4.1 COBROS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	673.818,55
4.2 PAGOS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	28.220,35
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3+4)	33.980.482,03
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	17.552.718,39
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	8.664.872,79
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	7.762.890,85

SEGUNDO: aprobar a liquidación do Orzamento do **Organismo Autónomo Auditorio de Galicia**, correspondente ó exercicio 2016 segundo proposta formulada pola Directora- Xerente en funcións do Auditorio, de conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, e de acordo co informe de Intervención, segundo o seguinte detalle:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

1. OPERACIONS NON FINANCEIRAS	AUDITORIO
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONS CORRENTES	2.564.350,75
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONS CORRENTES	2.581.652,04
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓNS CORRENTES	-17.301,29
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONS DE CAPITAL	

(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONS DE CAPITAL	
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.564.350,75
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.581.652,04
1.3 RESULTADO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	-17.301,29
2.- ACTIVOS FINANCEIROS	
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	0,00
3.- PASIVOS FINANCEIROS	
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	0,00
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.564.350,75
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.581.652,04
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	-17.301,29
AXUSTES	
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	198.755,08
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	198.755,08
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+4+5-6)	181.453,79

B) REMANENTE DE TESOURERÍA

	AUDITORIO
1.- FONDOS LIQUIDOS	488.670,38
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	645.151,57
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	526.306,62
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	96.664,74
2.3 DE OPERACIONS NON ORZAMENTARIAS	22.180,21
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	895.298,66
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	748.096,82
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	
3.3 DE OPERACIONS NON ORZAMENTARIAS	147.201,84

4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-3.536,63
4.1 COBROS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	10.186,60
4.2 PAGOS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	6.649,97
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3+4)	234.986,66
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	67.233,75
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	167.752,91

TERCEIRO: aprobar o resultado orzamentario e o remanente de tesourería consolidado segundo o seguinte detalle:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO

I. OPERATIONS NON FINANCEIRAS	CONCELLO	AUDITORIO	TOTAL	AXUSTE S	CONSOLIDAD O
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONS CORRENTES	92.989.328,54	2.564.350,75	95.553.679,29	1.408.148,07	94.145.531,22
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONS CORRENTES	75.785.058,84	2.581.652,04	78.366.710,88	1.408.148,07	76.958.562,81
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIONS CORRENTES	17.204.269,70	-17.301,29	17.186.968,41		17.186.968,41
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONS DE CAPITAL	2.611.938,35		2.611.938,35		2.611.938,35
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONS DE CAPITAL	5.952.982,62		5.952.982,62		5.952.982,62
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIONS DE CAPITAL	-3.341.044,27	0,00	-3.341.044,27		-3.341.044,27
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	95.601.266,89	2.564.350,75	98.165.617,64		96.757.469,57
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	81.738.041,46	2.581.652,04	84.319.693,50		82.911.545,43
1.3 RESULTADO OPERACIONS NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	13.863.225,43	-17.301,29	13.845.924,14		13.845.924,14
2.- ACTIVOS FINANCEIROS					
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	73.572,91		73.572,91		73.572,91
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	78.884,00		78.884,00		78.884,00
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	-5.311,09	0,00	-5.311,09		-5.311,09
3.- PASIVOS FINANCEIROS					
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.548.624,30		2.548.624,30		2.548.624,30
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	12.406.801,00		12.406.801,00		12.406.801,00
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	-9.858.176,70	0,00	-9.858.176,70		-9.858.176,70

4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO					
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	98.223.464,10	2.564.350,75	100.787.814,85		99.379.666,78
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	94.223.726,46	2.581.652,04	96.805.378,50		95.397.230,43
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	3.999.737,64	-17.301,29	3.982.436,35		3.982.436,35
AXUSTES			0,00		0,00
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	3.206.639,56	198.755,08	3.405.394,64		3.405.394,64
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	4.637.107,95		4.637.107,95		4.637.107,95
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	4.376.837,50		4.376.837,50		4.376.837,50
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	3.466.910,01	198.755,08	3.665.665,09		3.665.665,09
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+4+5-6)	7.466.647,65	181.453,79	7.648.101,44		7.648.101,44

B)REMANENTE DE TESOURERÍA

	CONCELLO	AUDITORIO	AXUSTES CONSOLIDACIÓN	CONSOLIDADO
1.- FONDOS LIQUIDOS	21.945.839,62	488.670,38		22.434.510,00
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	33.954.554,31	645.151,57		34.599.705,88
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	9.435.207,79	526.306,62	-198.755,08	9.762.759,33
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	23.606.231,81	96.664,74		23.702.896,55
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	913.114,71	22.180,21		935.294,92
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	21.274.313,70	895.298,66		22.169.612,36
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	12.529.466,51	748.096,82	-198.755,08	13.078.808,25
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	449.797,43			449.797,43
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	8.295.049,76	147.201,84		8.442.251,60
4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	-645.598,20	-3.536,63		-649.134,83
4.1 COBROS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	673.818,55	10.186,60		684.005,15
4.2 PAGOS REALIZADOS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	28.220,35	6.649,97		34.870,32
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3+4)	33.980.482,03	234.986,66		34.215.468,69
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	17.552.718,39	67.233,75		17.619.952,14
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	8.664.872,79			8.664.872,79
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	7.762.890,85	167.752,91		7.930.643,76

CUARTO: de conformidade co previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais dese conta ó Pleno, remitíndose información correspondente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e á Comunidade Autónoma.”

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE CORRECCIÓN DE ERROS, POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE DE “APROBACIÓN INICIAL DA PROPOSTA DE ASUNCIÓN DIRECTA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ORA E GUINDASTRE”.

Dáse conta de resolución da Alcaldía de data 5 de xullo do corrente ano, número de rexistro 4471, co seguinte contido:

“Detectado erro material no acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do día 18 de maio de 2017, no punto relativo a “Aprobación inicial da proposta de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre a través da Sociedade Mercantil Municipal TUSSA” (publicado no BOP do día 5 de xuño de 2017), no relativo ao prazo de información pública, xa que se sinala que o expediente se expoñerá ao público durante un prazo “de trinta días naturais, contando dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”, cando debe dicir: “trinta días hábiles contando dende o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Tendo en conta o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, e para garantir en todo caso a posibilidade de presentar alegacións, xa que supón un aumento do tempo de exposición da información pública.

Resolvo:

Corrixir o erro material producido no acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do día 18 de maio de 2107, no punto relativo a “Aprobación inicial da proposta de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre a través da Sociedade Mercantil Municipal TUSSA” (publicado no BOP do día 5 de xuño do 2017), no relativo ao prazo de información pública, xa que en dito acordo se sinala que o expediente se expoñerá ao público durante un prazo “de trinta días naturais, contando dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”, cando debe dicir: “trinta días hábiles contando dende o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”, engadíndose polo tanto a posibilidade de presentar alegacións durante o prazo de nove días máis dende o seguinte á publicación do anuncio correspondente.

Deste decreto de corrección darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.”

12. DAR CONTA DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE XUÑO E 7 DE XULLO E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE 28 DE XUÑO.

Dáse conta ao Pleno da Corporación:

Acordo da Xunta de Goberno do día 30 de xuño do corrente ano, co seguinte contido:

“128.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO MANTEMENTO DAS DELEGACIÓNS XA EFECTUADAS NOS CONCELLEIROS DELEGADOS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do Sr. Alcalde, de data 29 de xuño de 2017, que é do seguinte teor literal:

“Reorganizado o Goberno Municipal por decreto desta alcaldía de data 23 de xuño de 2017 (Corrección de erros por decreto de 28.6.17), propónse a adopción do seguinte acordo:

- Manter os acordos de delegacións xa efectuadas nos concelleiros respectivos, por acordos da Xunta de Goberno de datas 17 de xuño de 2015, 18 de setembro de 2015 e 25 de setembro de 2015, tendo en conta o novo reparto de competencias.
- Propónse a delegación das licenzas de obras e acometidas de canalizacións nos mesmos termos que nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas sinaladas anteriormente.”

Deste acordo, que entrará en vigor no día de hoxe, darase conta aos interesados e ao Pleno da Corporación. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986), de 28 de novembro).”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

- Manter os acordos de delegacións xa efectuadas nos concelleiros respectivos, por acordos da Xunta de Goberno de datas 17 de xuño de 2015, 18 de setembro de 2015 e 25 de setembro de 2015, tendo en conta o novo reparto de competencias.

- A delegación das licenzas de obras e acometidas de canalizacións nos mesmos termos que nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas sinaladas anteriormente.

Deste acordo, que entrará en vigor no día de hoxe, darase conta aos interesados e ao Pleno da Corporación. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986), de 28 de novembro).”

Acordo da Xunta de Goberno do día 7 de xullo do corrente ano, co seguinte contido:

“NÚMERO 17.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CORRECCIÓN DE ERRO NO PUNTO Nº 128 DA SESIÓN DE 30.6.17, APROBATORIO DO MANTEMENTO DE DELEGACIÓNS XA EFECTUADAS NOS CONCELLEIROS DELEGADOS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 5 de xullo de 2017, cuxo teor literal é o seguinte:

“Detectado erro no acordo número 128, da sesión da Xunta de Goberno de data 30 de xuño de 2017, relativo ao mantemento das delegacións xa efectuadas nos concelleiros delegados, propónse a seguinte corrección:

Onde di:

“Propónse a delegación das licenzas de obras e acometidas de canalizacións nos mesmos termos que nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas sinaladas anteriormente.”

Debe dicir:

“Propónse a delegación das licenzas de acometidas e canalizacións nos mesmos termos que nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas sinaladas anteriormente, no concelleiro Don Rafael Peña Vidal.”

Deste acordo, que entrará en vigor no día de hoxe, darase conta aos interesados e ao Pleno da Corporación. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986), de 28 de novembro).”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Corrixir o erro no acordo número 128, da sesión da Xunta de Goberno de data 30 de xuño de 2017, relativo ao mantemento das delegacións xa efectuadas nos concelleiros delegados, de xeito que:

Onde di:

“Propónse a delegación das licenzas de obras e acometidas de canalizacións nos mesmos termos que nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas sinaladas anteriormente.”

Debe dicir:

“Propónse a delegación das licenzas de acometidas e canalizacións nos mesmos termos que nos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas sinaladas anteriormente, no concelleiro Don Rafael Peña Vidal.”

Deste acordo, que entrará en vigor no día de hoxe, darase conta aos interesados e ao Pleno da Corporación. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986), de 28 de novembro).”

Resolucións da Alcaldía do día 28 de xuño, que se transcriben:

“Detectado erro no decreto desta Alcaldía de 23 de xuño de 2017, e de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO:

Corrixir o devandito decreto no senso de que:

Desaparecen as referencias relativas á Lei 30/92, do 26 de novembro, de réximexurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como as relativas ao Real decreto 429/93, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial; quedando redactado do seguinte xeito:

“No ecuador do mandato municipal da Corporación que tomou posesión o día 13.06.2015 e tratando de conseguir unha Administración ao servizo dos veciños/as do Concello e en exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. 6 de marzo de 2012)

RESOLVO:

Primeiro: Nomear **Delegados desta Alcaldía** aos/ás concelleiros/as que a seguir se relacionan, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que ao final se sinalan:

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN, con competencias en planificación económica e financeira, xestión tributaria, xestión orzamentaria, política fiscal réxime Interno, persoal, contratación, arquivo, rexistro, atención á cidadanía a **dona MARÍA ROZAS PÉREZ**. Así mesmo, dentro do que indiquen as bases de execución do orzamento, corresponderanlle as seguintes competencias:

- Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
- Ordenación de pagamentos, que inclúe a sinatura nos documentos nos que se formaliza o pago material.
- Competencias relativas ao exercizo da responsabilidade patrimonial que corresponden a esta Alcaldía.

CONCELLARÍA DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA, MOBILIDADE E RELACIÓNS VECIÑAIS con competencias en urbanismo (planeamento, licenzas e disciplina urbanística, patrimonio), cidade histórica, vivenda, mobilidade, rehabilitación, Participación, relacións veciñais a **don JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ**. Así mesmo deléganse as competencias seguintes:

- As outorgadas a esta alcaldía pola lexislación urbanística, así como as competencias relativas ao exercicio da potestade expropiatoria deste Concello e as que na súa representación corresponden a esta alcaldía en procedementos de expropiación forzosa doutras Administracións.
- A orde de expedición e visto e praxe das certificacións que se xeren no ámbito da súa Área, así como a sinatura dos actos de trámite que remitan desde esa concellaría e que non estean atribuídas especificamente a outros órganos.

CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INFORMÁTICA, con competencias en sustentabilidade (resíduos sólidos urbanos, auga, enerxía, consumo, cemiterios), convivencia (Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, Tráfico, Grúa e ORA), Parques e Xardíns, asesoría xurídica, innovación e informática a don **XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ**. Deléganselle así mesmo as seguintes competencias:

- Sancionadora por infraccións cometidas en materia de Tráfico e Seguridade Vial nas vías urbanas deste Concello.
- De outorgamento das autorizacións e licenzas previstas no Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas e a competencia sancionadora das infraccións relacionadas coa aplicación da citada norma.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas previstas na lexislación de seguridade cidadán.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas previstas na correspondente lexislación.

CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE, SAÚDE E CENTROS CÍVICOS con competencias en políticas sociais, diversidade, economía social, maiores, saúde, UMAD, UAMI, cooperación e rede de Centros socioculturais, a dona **CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**.

CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA, con competencias en Educación, Cidadanía e Dereitos Humanos, a don **MANUEL DIOS DIZ**.

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO, con competencias en Igualdade, Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo, a dona **MARTA IRENE LOIS GONZÁLEZ**.

CONCELLARÍA DE MEDIO RURAL MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL, con competencias en Medio Rural, proxectos e obras, e Brigada de Vías e Obras, a don **RAFAEL PEÑA VIDAL**.

- Así mesmo delégase a competencia na orde de expedición e visto e praxe das certificacións que se xeren no ámbito da súa Área, así como a sinatura dos actos de trámite que remitan desde esa concellaría e que non estean atribuídas especificamente a outros órganos.

CONCELLARÍA DE MOCIDADE, DEPORTE, MERCADOS E BENESTAR ANIMAL, con competencias en Xuventude, Deporte, Mercados e as competencias que poidan corresponder a esta alcaldía na Fundación Refuxio de Animais, a dona **NOA MARÍA MORALES SÁNCHEZ**.

Dona **BRANCA PETRA NOVO REY** continúa sen competencias delegadas mentres se prolongue a súa baixa médica.

Segundo: A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou concellarías respectivas.
- Autorizar as actuacións correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
- Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.
- Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
- Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
- Cada concelleiro/a terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.
- No referente á sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/as concelleiros/as será efectuada polo Alcalde, titular ou accidental, polo/a Concelleiro de Espazos Cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e Relacións Veciñais ás relativas á concellaría sinalada, polo/a Concelleiro de Medio Rural, Mantemento e obras para o Equilibrio Territorial ás relativas á concellaría sinalada pola Concelleira de Economía e Facenda, ás relativas á citada concellaría, e con carácter xeral polos tenentes de alcalde. Aos tenentes de alcalde delégaselles a sinatura do visto e praxe nas certificacións

expedidas agás as delegacións que poidan corresponder nesta materia a outra concellaría.

-A celebración de vodas.

- Delegar nos/as concelleiros/as das respectivas concellarías as facultades de representación desta alcaldía para a petición, tramitación e aceptación das subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.

- Delégase así mesmo a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder a esta alcaldía nos concelleiros/as dentro do ámbito material das súas competencias.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

As competencias non delegadas serán exercidas por esta alcaldía, indicándose a título simplificador, comunicación, Lingua, Protocolo, Relacións institucionais, Parque Mobil, Portavocía da Xunta de Goberno, Cultura(Auditorio de Galicia, Teatro Principal e Zona C) e Festas.

Terceiro: Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

“Detectado erro no decreto desta Alcaldía de 23 de xuño de 2017, e de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

RESOLVO:

Corrixir o devandito decreto no senso seguinte:

Desaparece o primeiro parágrafo que di:

“En base ás competencias que me outorga o artigo 126.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 40 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela”.

así como o primeiro “RESOLVO”;

quedando redactado do seguinte xeito:

“Primeiro: En base ás competencias que me outorga o artigo 125 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 50 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Nomear **primeira tenente de alcalde** a **DONA MARÍA ROZAS PÉREZ.**

Nomear **segundo tenente de alcalde** a **DON JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ.**

Nomear **terceira tenente de alcalde** a **MARTA IRENE LOIS GONZÁLEZ.**

Os Tenentes de Alcalde asumirán as funcións do Alcalde, por delegación expresa, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento legal.

No caso de ausencia por máis de vinte e catro horas e sen haber delegado, ou ante a imposibilidade de outorgala por causa imprevista, o Tenente de Alcalde correspondente substituirá ao Alcalde na totalidade das súas funcións, dando conta diso ao resto da Corporación.

O Tenente de Alcalde substituirá automaticamente ao Alcalde na Presidencia si durante a celebración dunha sesión debe absterse de intervir en ningún punto concreto da mesma, segundo o previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

[Por concorrer algunha das causas recollidas na Lexislación de procedemento administrativo e de contratos das Administracións Públicas].

Segundo: Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).

Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, do 31 de maio ao 23 de xuño de 2017 (núms. 3421 ao 4245).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 2 de xuño de 2017 (Núm. 37).
Acta sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2017 (Núm. 38).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 14 de xuño de 2017 (Núm. 39).
Acta sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2017 (Núm. 40).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 20 de xuño de 2017 (Núm. 41).
Acta sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2017 (Núm. 42).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 28 de xuño de 2017 (Núm. 43).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 29 de xuño de 2017 (Núm. 44).

Antes de entrar no seguinte punto da orde do día faise un receso de 20:25 a 20:47 horas.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 22 de xuño de 2017, núm. 230.
- 2.- Rexistro de entrada do día 22 de xuño de 2017, núm. 231.
- 3.- Rexistro de entrada do día 26 de xuño de 2017, núm. 232.

PREGUNTAS RESPONDA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 27 de xuño de 2017, núm. 234.
- 2.- Rexistro de entrada do día 3 de xullo de 2017, núm. 236.
- 3.- Rexistro de entrada do día 5 de xullo de 2017, núm. 237.

PREGUNTAS RESPONDA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 27 de xuño de 2017, núm. 233.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de xullo de 2017, núm. 239.
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2017, núm. 243.
- 3.- Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2017, núm. 244.

PREGUNTAS RESPOSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de xullo de 2017, núm. 240.
- 2.- Rexistro de entrada do día 14 de xullo de 2017, núm. 248.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.-

PREGUNTA RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 12 de xullo de 2017, núm. 247.

PREGUNTA RESPOSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 22 de xuño de 2017, núm. 229.

Auséntase do salón de Plenos antes do comezo do debate do presente punto, Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, e reincorpórase no debate do cuarto rogo.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 29 de xuño de 2017, núm. 235, sobre a urxencia dunha diagnose e reparación de pontes sobre o vello trazado da vía férrea en Busto e outras parroquias.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do Eixo de Alta Velocidade Ferroviaria trouxo consigo o cese do tráfico e o desmantelamento das vías naqueles tramos onde se construíron variantes. No tramo entre Santiago e A Coruña, dentro do termo municipal de Santiago esa circunstancia afectou a un itinerario de algo máis de 10 km. que atravesa as parroquias de Enfesta, Verdía, Busto e Nemenzo.

O abandono progresivo do tráfico ferroviario nese trazado desde mediados da década pasada fixo que desde aquel momento se abriera a posibilidade de converter a plataforma existente –desprovista xa das travesas, dos raís e doutros elementos operativos- nunha vía verde axeitada para o tránsito peonil e ciclista, tarefa que está a ser continuada polo actual Goberno municipal en conversas co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), cos concellos de Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda e coa Deputación da Coruña, coa intención de que o organismo provincial financie unha parte importante da actuación.

Mentres se van dando pasos para poder acadar esa ansiada vía, o abandonado trazado férreo vaise deteriorando cada paso máis e con el o estado das distintas infraestruturas, afectadas pola falta de atención e mantemento que no seu día realizaba o organismo estatal competente para asegurar a súa seguridade e funcionalidade.

Esa falta de atención e mantemento estase a notar dunha forma moi importante nas pontes que permiten atravesar o percorrido ferroviario que vai desde as proximidades da Sionlla ata o linde co concello de Oroso –con algúns exemplos que mostramos nun anexo fotográfico- e de forma moi especial na parroquia de Busto, onde a veciñanza demanda atención para estas pontes que facilitan a mobilidade, dando continuidade a tanto a estradas asfaltadas como a pistas que dan servizo a terras de labor e forestais.

O caso máis urxente é o que afecta á ponte do núcleo do Castro, afectada por un progresivo deterioro na súa estrutura, pola invasión de maleza que cobre as oxidadas varandas de protección e, desde hai pouco tempo, agravada por un importante derrubo de boa parte do peitoril que a converte nun perigo para a circulación de persoas e vehículos.

Tamén presentan deficiencias e, cando menos, necesidades de mantemento outras tres pontes próximas: a que salva a principal vía de acceso á parroquia de Busto desde a N-550, entre o lugar da Igrexa e Ramelle, sobre a que a veciñanza mostra preocupación polo estado da súa plataforma ao detectar na súa parte inferior signos de desgaste; a ponte próxima ao lugar da Casanova, nunha vía de servizo sen asfaltar, que se atopa invadida pola maleza, con acumulo de terra no seu taboleiro e cun aspecto de abandono intensificado pola presenza de obxectos como unha lavadora que desde o alto foi guindada ao trazado ferroviario. Por último, puidemos constatar tamén a precaria situación dun cuarto paso sobre a vía do tren, este na veciña parroquia de Nemenzo, preto do lugar de Chorente, onde o estragado camiño de acceso anuncia xa o abandono da ponte, chea de terra e vexetación e con parte do seu peitoril, como no caso da do Castro, derrubado.

A situación dalgunha destas pontes, de forma moi especial a do Castro, non admite demoras e reclama unha rápida intervención para garantir a seguridade viaria e a tranquilidade das persoas que a cotío empregan estas infraestruturas. A súa reparación non pode agardar polo proxecto de recuperación deste trazado como vía verde. Cómpre darlles prioridade para conseguir unha completa rehabilitación que garanta a súa actual funcionalidade, compatible -claro está- coa súa futura integración no itinerario peonil e ciclista, a cuxo uso tamén poderán contribuír achegando unha maior seguridade ao tempo que se recuperan e melloran destes singulares elementos construtivos.

A vista do anterior, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que con carácter urxente faga as xestións precisas para rehabilitar a ponte do Castro de Busto, sobre a antiga vía do tren, que serve de acceso a esta parroquia e a levar a cabo unha completa diagnose das outras pontes existentes no itinerario do vello trazado ferroviario en desuso entre Santiago e Oroso -no que está prevista a construción dunha vía verde- e, en función dos ditames técnicos, se programen as actuacións necesarias para garantir a seguridade viaria e a recuperación á maior brevidade posible.

2.- Rexistro de entrada do día 13 de xullo de 2017, núm. 33368, pola dignidade, a memoria e a xustiza das vítimas do terrorismo, no XX aniversario do asasinato de Miguel Ángel Blanco.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 10 de xullo de 1997 produciuse o secuestro de Miguel Ángel Blanco pola banda terrorista ETA. A través dunha chamada telefónica a un medio informativo, a propia banda terrorista informaba do secuestro do concelleiro de ascendencia galega de Ermua (Biscaia) e daba un ultimato ao Goberno: se en 48 horas non anunciaba o traslado de todos os presos vascos a Euskadi, Miguel Ángel Blanco morrería.

Os peores augurios confirmáronse. ETA asasinouno a sangue frío, falecendo o domingo 13 de xullo de 1997.

Ao coñecer a noticia da súa morte, as manifestacións de repulsa e actuacións espontáneas sucedéronse en toda España e de forma moi especial en Galicia, de onde procedían os seus pais. Aquel movemento cidadán foi coñecido como “o Espírito de

Ermua”, que supuxo un cambio transcendental na historia de Euskadi e de España e o avance do sentimento de condena e rexeitamento das accións violentas.

Miguel Ángel Blanco é a día de hoxe un símbolo de loita democrática contra o terrorismo, da inocencia de todas as vítimas do terrorismo e de solidariedade social. Millóns de persoas en Galicia e en España recordamos aqueles días de xullo no que saímos á rúa no intento de salvar a vida dun mozo comprometido co seu municipio e cos seus principios.

Habería outras moitas vítimas do terrorismo en España, pero sen dúbida o maior número de atentados con morte foi obra de organizacións terroristas, fundamentalmente a banda ETA e o GRAPO, que desde os anos 60 do pasado século, durante a Transición e ata épocas recentes se estima que asasinaron a máis de 800 persoas, das que máis de 60 eran naturais de Galicia, perpetraron 3 asasinatos en Santiago –foron vítimas Manuel Vázquez Cacharrón, Pedro Cabezas González e Constantino Limia Nogueiras- e, polo menos, temos constancia do falecemento en atentado dun natural do concello de Santiago, o garda civil Ricardo Couso Ríos, asasinado hai 26 anos en Biscaia. Sen esquecer a María Mercedes Domínguez, vítima da explosión provocada en outubro de 1990 polo Exército Guerrilheiro na desaparecida sala Clangor do barrio da Rocha.

Todas as vítimas da barbarie terrorista deben merecer a lembranza e recoñecemento da sociedade a través das formas, actos ou espazos que dean conta dunha realidade que é preciso coñecer e condenar hoxe e de cara ao futuro.

Nesa liña, co paso dos anos, máis de un centenar de concellos de toda España téñenlle dedicado espazos públicos ou monumentos en vilas e cidades á memoria de Miguel Ángel Blanco, atendendo ás solicitudes da Fundación que leva o seu nome, e outros moitos están á espera de facelo.

Ante a proximidade da data na que se cumpren dúas décadas desta trágica morte, desde o Grupo Municipal do Partido Popular, consideramos fundamental que a Corporación da capital de Galicia leve a cabo unha homenaxe que referende a repulsa e a condena da loita armada, do terrorismo e de calquera forma de violencia que trate de vulnerar a vontade popular, o Estado democrático e a Constitución que ordena a legalidade vixente e garante as liberdades públicas.

Para iso, propoñemos que con motivo do aniversario do asasinato de Miguel Ángel Blanco, na súa memoria e na de Manuel Vázquez Cacharrón, Pedro Cabezas González, Constantino Limia Nogueiras, Ricardo Couso Ríos e María Mercedes Domínguez se coloque nun lugar notorio –que ben podería ser a Praza da Constitución– unha placa cun texto en recordo das vítimas e rexeitamento do terrorismo en España.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno do Concello para a súa consideración a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- O Concello instalará unha placa na Praza da Constitución da cidade de Santiago de Compostela á memoria de Miguel Ángel Blanco e as vítimas do terrorismo en España, na que conste a seguinte lenda: “En memoria do XX aniversario da morte de Miguel Ángel Blanco, concelleiro de Ermua de ascendencia galega asasinado pola banda terrorista ETA o 13 de xullo de 1997, do Garda Civil compostelán Ricardo Couso Ríos asasinado en Biscaia, das persoas asasinadas en Santiago de Compostela Manuel Vázquez Cacharrón, Pedro Cabezas González, Constantino Limia Nogueiras e María Mercedes Domínguez, así como a todas as persoas que deron a súa vida polas liberdades públicas, que foron vítimas do odio e da intransixencia daqueles que lexitiman a forza, a violencia e o medo para mudar a vontade popular. Santiago de Compostela, xullo de 2017.”

Segundo.- O Concello daralle traslado do presente acordo ás asociacións de vítimas do terrorismo, á “Fundación Miguel Ángel Blanco” e aos familiares das persoas lembradas no texto coa finalidade de obter o seu beneplácito para esta acción e, posteriormente, convidalos ao acto de descubrimento da placa.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2017, núm. 245, sobre o plan de mellora dos camiños rurais.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao Plan

marco de mellora dos camiños rurais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado “Plan marco de mellora dos camiños rurais” para o período 2017-2018.

Segundo a información trasladada á FEGAMP desde a propia Consellaría, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de 15.998.673 euros para dito período de dous anos, a distribuír entre os concellos do país. A dotación consignada supón unha redución importante na dotación de recursos para levar adiante, en colaboración cos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza.

Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 19.998.100 de euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en máis dun 60 por 100. A Consellaría do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante de 2016, ao pasar agora a 10 euros por habitante para o período bianual, isto é, 5 euros por habitante e ano.

Esta redución deixa ás claras que o medio rural, os investimentos para a súa mellora e desenvolvemento non son a prioridade do Goberno do Partido Popular en Galiza, pois relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva do agro galego. Dese xeito, con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para a investimentos no rural, o Partido Popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que viven no medio rural no noso país e que ademais contribúen a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.

Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galiza amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijoo aceptou un notábel recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galiza, que conta cunha dotación económica un 20 por 100 inferior ao orzamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013.

As comunicacións realizadas aos concellos coa asignación concreta desvendan a propaganda do Goberno galego, pois a dotación para cada ente local reflicte unha mingua de fondos que en moitos casos terán que presentar proxectos despezados, obras menores, investimentos aillados que non responden a unha estratexia para desenvolver o medio rural galego no camiño de contribuír a frear a actual tendencia.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar ao Goberno Galego a:

a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.

b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

- Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.

2.- Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2017, núm. 246, para reclamar que se arranxen as deficiencias causadas coas obras da rotonda de Conxo e se mellore a mobilidade no barrio.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da súa concelleira Goretti Sanmartín Rei e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa a reclamarlle a Fomento que se arranxen as deficiencias causadas coas obras da rotonda de Conxo, na práctica é o único paso de comunicación do que o barrio dispón, e se mellore a mobilidade peonil para evitar que o barrio quede dividido por unha vía de circulación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Conxo sufriu durante anos os cortes de tráfico e os atrasos acumulados dunhas obras na rotonda e no paso inferior que, finalmente, tiveron un mal resultado de execución, tanto nos remates como nos problemas xurdidos cos desaugues e coa canalización de augas pluviais. A estética actual é dunha obra sen rematar, non é de calidade nin se integra na paisaxe urbana.

Este tramo carece de illamento sonoro, circulan milleiros de vehículos cada día que fan moito ruído perto das vivendas, o que provoca unha exposición continuada á contaminación acústica.

Faise necesario tamén adoptar criterios de mobilidade, de seguranza peonil e de mellora deste espazo público para favorecer a conexión dunha beira e outra da estrada, co fin de evitar que a vía divida o barrio como acontece na actualidade.

Para entrar na rotonda hai un carril de incorporación curto, un ceda ao paso e un STOP perigosos. Cómpre adecuar a sinalización nesta zona.No mesmo sentido da seguraza viaria: as incorporacións a rotonda desde o Milladoiro e desde a rúa Sánchez Freire teñen que ceder o paso a dereita e esquerda ao mesmo tempo. Por outro lado, a incorporación na saída cara ao Milladoiro e moi curta logo dunha curva na que o tráfico do túnel chega a moita velocidade facendo perigosa a incorporación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación municipal reclamaralle ao Ministerio de Fomento que se arranxen as deficiencias causadas coas obras da rotonda de Conxo e se mellore a mobilidade para evitar que o barrio quede dividido por unha vía de circulación.

3.- Rexistro de entrada do día 14 de xullo de 2017, núm. 249, para suprimir o uso de balas de goma, porras extensíbeis e armas de electrochoque en Santiago de Compostela.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á eliminación do uso de balas de goma, de defensas extensíbeis (coñecidas como ‘porras extensíbeis’), de armas de electrochoque e de gases lacrimóxenos, por parte das forzas e corpos de seguridade nas mobilizacións cidadás que se produzan na cidade de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Código Penal establece no seu artigo 174 que comete tortura a autoridade ou funcionario público que, abusando do seu cargo, e co fin de obter unha confesión ou información de calquera persoa ou de castigala por calquera feito que cometese ou se sospeite que cometeu, ou por calquera razón baseada nalgún tipo de discriminación, a someta a condicións ou procedementos que pola súa natureza, duración ou outras circunstancias, lle supoña sufrimentos físicos ou mentais, a supresión ou diminución das súas facultades de coñecemento, discernimento ou decisión ou que, de calquera outro modo, atenten contra a súa integridade moral. O culpábel de tortura será castigado coa pena de prisión de dous a seis anos se o atentado fose grave, e de prisión dun a tres anos se non o é. Ademais das penas sinaladas imporase, en todo caso, a pena de inhabilitación absoluta de oito a 12 anos.

O Estado español subscribiu o protocolo da Convención contra a Tortura e outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes, adoptado pola Asemblea das Nacións Unidas en Nova York o 18 de decembro de 2002. Esta comisión, nun informe de 2009, advírtelle ao Estado español que sería oportuno incluír explicitamente no Código Penal que o acto de tortura pode ser cometido por persoas no exercicio funcións públicas e que a finalidade de tortura pode incluír os obxectivos de intimidar ou coaccionar.

As forzas e corpos de seguridade do Estado español son das poucas policía europeas que aínda utilizan balas de goma en manifestacións e eventos públicos como método destinado a disolver concentracións de persoas. Está demostrado que a dotación destes proxectís de goma dun peso de 90 gr. e capaces de alcanzar velocidades de máis de 200m/s (máis de 720 km/hora) poden causar danos permanentes nos órganos vitais, ao seren dificilmente controlábeis os disparos porque, pola súas características, non seguen unha traxectoria definida e prefixada.

No Estado español son máis de 25 persoas as que perderon un ollo dende 1990 por causa do impacto deste tipo de proxectís que non cumpren o obxectivo de garantir a seguridade cidadá. O Parlamento Europeo, tras os feitos ocorridos en Irlanda do Norte no 1982, onde 12 persoas morreron polo impacto destes proxectís (deles sete eran nenos menores de 15 anos) instou aos países membros á prohibición do uso deste tipo de armas contra a poboación civil. Pronunciouse no mesmo sentido en 1984 e en 1997.

As armas de electrochoque están creadas para incapacitar persoas mediante descargas eléctricas. O “Taser” recibiu fortes críticas por parte de organizacións de dereitos humanos, así como polo Comité contra a Tortura da Organización das Nacións Unidas, que determinou que o seu uso provoca unha intensa dor, constitúe unha forma de tortura e mesmo pode causar a morte e instou, especificamente, ao Estado español a non utilizar estas armas. Descargan 50.000 voltios sobre o obxectivo durante 5 segundos, o que provoca unha parálise inmediata. En EEUU, Francia e Reino Unido están documentadas mortes polo emprego destas armas coas que serán dotados proximamente os axentes do Instituto Armado da Garda Civil. O seu uso por parte dos Mossos de Esquadra tamén ten documentada unha vítima mortal 2013 en Catalunya, o que espertou a situación de inseguranza para quen as manexan, que mesmo reclamaron a instalación de minicámaras de vídeo para prender na solapa do uniforme dos mandos que as utilicen, de cara a súa defensa xudicial en caso de incidente grave.

O gases lacrimóxenos son unha arma química que provoca irritacións oculares, respiratorias e cegueira temporal. A área de dispersión do gas vai dos 60 aos 300 metros cadrados e os síntomas empezan uns 30 segundos após da exposición.

O coñecido como “gas pementa” aplicado a distancia provoca proído, ardor, dermatite alérxica por contacto e ampolas; a exposición ocular dá en lacrimación, pestanexo

involuntario, proído e sensación de ardor; e a súa inhalación provoca tose, sensación de afogamento, salivación e opresión no peito.

Porén, cando se usa en rúas estreitas e espazos reducidos ou pechados, as persoas están expostas a unha maior concentración de gas e os efectos para a saúde poden ser moito máis severos. Neste ámbito adoita causar vómitos, diarrea, queimaduras na pel, danos oculares graves na córnea ou desgarro da conxuntiva, entre outros. Tamén están rexistradas feridas severas na cabeza e queimaduras a causa do lanzamento destas bombas de gas cando impactan contra as persoas.

En canto ás porras extensíbeis, o seu uso está autorizado para inmovilizar, controlar e reducir mais non para golpear como aconteceu nunha das últimas mobilizacións de Santiago de Compostela. A rotura de costelas é unha das consecuencias da súa aplicación e teñen provocado contusións cervicais e traumatismo cranioencefálico, como recoñecen sentenzas que describen estas lesións. Un dato: tan só a brigada móbil dos Mossos dispón de 17.000 destas defensas extensíbeis.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

A Corporación municipal transmitirá ao Ministerio de Interior a vontade do Concello de Santiago de Compostela de que sexa suspendido de xeito inmediato o uso de pelotas de goma, defensas extensíbeis, armas de electrochoque e gases lacrimóxenos por parte das forzas e corpos de seguridade nas mobilizacións cidadás que se produzan nesta cidade, de acordo coas recomendacións do Comité contra a Tortura da ONU.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2017, núm. 250, pola transparencia dos paraísos fiscais.

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos, presenta a Pleno para a súa aprobación, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desigualdade entre as persoas ricas e as pobres é extrema e continúa aumentando. Dende a ONGD IntermónOxfam traballan dende o 2014 na campaña IGUAIS, co obxectivo de denunciar que a desigualdade extrema e crecente é a principal causa da

pobreza no mundo, ao tempo que imposibilita as oportunidades de desenvolvemento de millóns de persoas en todo o mundo.

Unha das solucións para combater esa fenda de desigualdade cada día máis profunda na nosa sociedade é a fiscalidade.

Unha fiscalidade xusta e progresiva contribúe a redistribuír os recursos e a conformar sociedades máis equitativas e cohesionadas. Todas as persoas e empresas deberíamos pagar en función da nosa capacidade económica real, porque a evasión fiscal costa moito diñeiro á cidadanía. En España, o 72% do fraude fiscal provén das grandes empresas e das grandes fortunas, os paraísos fiscais son o principal burato no que se perden estes recursos.

Os paraísos fiscais, como sistemas opacos polos que pasan a metade do comercio mundial, provocan disfuncións a nivel global e local, eludindo a responsabilidade de contribuír aos sistemas públicos de saúde, educación e dependencia.

Con impostos próximos ao 0%, a evasión fiscal das grandes empresas supón unha discriminación económica penosa para as pequenas e medianas empresas que non poden e/ou non queren facer uso destes paraísos.

O uso de paraísos fiscais é unha práctica de evasión de impostos que causa graves minguas na capacidade de financiamento dos organismos públicos e que ten un impacto negativo na redución da desigualdade, polo que semella razoable que os poderes públicos incentiven e premien ás empresas que non leva a cabo estas prácticas no acceso á contratación de calquera tipo coas administracións públicas.

Debido á súa opacidade, os paraísos fiscais facilitan o branqueo de capitais, a corrupción, o financiamento do crime organizado, de mafias, ...

A presente iniciativa de solicitar a transparencia dos paraísos fiscais, circunscríbese dentro da planificación xeral de xestión pública responsable coma política de contratación de organismos públicos que introduce criterios éticos.

As corporacións municipais podemos reducir o impacto global dos paraísos fiscais e tratar de modular o comportamento fiscal das empresas cara prácticas máis responsables a través dun maior control dos recursos locais, incluíndo cláusulas socias e responsabilidade financeira e de impostos ás empresas coas que contrata servizos públicos.

Os antecedentes descritos recomendan a redacción da presente moción e a aprobación dos seguintes Acordos por parte do Pleno municipal:

1. O Pleno da Corporación Municipal de Santiago de Compostela comprométese a dar os pasos precisos para que os concursos públicos favorezan ás empresas que teñen condutas fiscais responsables mediante a inclusión de cláusulas sociais.

2. A Corporación Municipal de Santiago de Compostela manifesta a súa intención de estudar, detectar e activar os mecanismos necesarios para evitar a contratación de empresas privadas para prestar servizos públicos que teñan a súa sede social en paraísos fiscais.

3. O Concello de Santiago de Compostela comprométese coa cidadanía a facer pública a aprobación desta moción, así como procurar a transparencia da documentación presentada polas empresas que optan a concursos públicos e a compartir con outros municipios a información relativa ás empresas que reciben puntos positivos e negativos en función da súa responsabilidade social e fiscal.

4. A Corporación Municipal de Santiago de Compostela insta ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que dean os pasos precisos para elaborar cláusulas de contratación pública social e fiscalmente responsables.

EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 19 de xullo de 2017, núm. 255, emenda de modificación/transacción do grupo municipal de Compostela Aberta, á moción do grupo municipal do Partido Popular, pola dignidade e xustiza das vítimas do terrorismo.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, emenda de modificación/transacción á moción do Grupo Municipal do PP (rexistro de entrada 33368 con data 13/07/2017) poladignidade e a xustiza das vítimas do terrorismo (no XX Aniversario do asasinato de Miguel Ángel Blanco)

A modificación proposta sobre o acordo da moción é a que se relaciona a continuación:

Onde di:

Primeiro.- O Concello instalará unha placa naPraza da Constitución da cidade de Santiago de Compostela á memoria de Miguel Ángel Blanco e as vítimas do terrorismo en España, na que conste a seguinte lenda: “En memoria do XX Aniversario da morte de Miguel Ángel Blanco, concelleiro de Ermua de ascendencia galega asasinado pola

banda terrorista ETA o 13 de xullo de 1997, do Garda Civil compostelán Ricardo Couso Ríos asasinado en Biscaia, das persoas asasinadas en Santiago de Compostela Manuel Vázquez Cacharrón, Pedro Cabezas González, Constantino LimiaNogueiras e María Mercedes Domínguez, así como a todas as persoas que deron a súa vida polasliberdades públicas, que foronvítimas do odio e da intransigencia daqueles que legitiman a forza, a violencia e o medo para mudar a vontade popular. Santiago de Compostela, xullo de 2017”.

Segundo.- O Concello daralle traslado do presente acordoásasociacións de vítimas do terrorismo, á “Fundación Miguel Ángel Blanco” e aos familiares das persoas sembradas no texto coa finalidade de obter o seu beneplácito para esta acción e, posteriormente, convidalosao acto de descubrimento da placa.

Que diga:

Primeiro.- O Pleno da Corporación propón á Comisión de Condecoracións instalar unha placa naPraza da Constitución da cidade de Santiago de Compostela á memoria de Miguel Ángel Blanco e as vítimas do terrorismo en España, na que conste a seguintelenda: “En memoria do XX Aniversario da morte de Miguel Ángel Blanco, concelleiro de Ermua de ascendencia galega asasinado pola banda terrorista ETA o 13 de xullo de 1997, do Garda Civil compostelán Ricardo Couso Ríos asasinado en Biscaia, das persoas asasinadas en Santiago de Compostela Manuel Vázquez Cacharrón, Pedro Cabezas González, Constantino LimiaNogueiras e María Mercedes Domínguez, así como a todas as persoas que deron a súa vida polasliberdades públicas, que foronvítimas do odio e da intransigencia daqueles que legitiman a forza, a violencia e o medo para mudar a vontade popular. Santiago de Compostela, xullo de 2017”.

Segundo.-O Concello daralle traslado do acordo da Comisión de Condecoraciónsásasociacións de vítimas do terrorismo, á “Fundación Miguel Ángel Blanco” e aos familiares das persoas sembradas no texto coa finalidade de obter o seu beneplácito para esta acción e, posteriormente, convidalosao acto de descubrimento da placa.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

1.- Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2017, núm. 251, relativa aos problemas a solventar en Cornes.

Á vista da falta total e absoluta de mantemento, así como da ausencia de urbanización e problemas de aparcamento e trafico no núcleo de Cornes, a veciñanza dese ámbito mantivo unha xuntanza cos membros do grupo municipal socialista na que nos

solicitaron a presentación dunha iniciativa ao Pleno da Corporación coa fin de acadar unha rápida solución a todos os problemas que a continuación se detallan:

1.- Existencia de moitos problemas de aparcamento: na entrada do segundo tramo da Avda. de Vilagarcía aparkan diariamente moitos vehículos que dificultan a circulación, polo que solicitan se estude sinalizar ben o aparcamento e reservar unha zona para residentes.

2.- Así mesmo, coa fin de evitar o tráfico intenso da rúa RomeroDonallo, os coches acceden por Cornes a gran velocidade, polo que sería necesaria a instalación dunha sinalización que limite e sobre todo obrigue a minorar a velocidade.

3.- A veciñanza de Cornes que rehabilitou as súas vivendas nos últimos anos, foi obrigada a pagar a cota correspondente de urbanización do Plan ao que pertencen, sen embargo pasan os anos e o Concello non iniciou a execución do plan de urbanización pendente, unha das conexións entre o barrio e a Rúa RomeroDonallo está sen asfaltar e difícil de transitar, sendo éste, sen embargo, o percorrido natural polo que cada día van os rapazes ao instituto da Pontepedriña.

4.- Tal e como se aprecia nas imaxes que se achegan con este escrito, no barrio existen varias parcelas de titularidade privada e pública cheas de maleza que invaden as rúas e beirarrúas. É necesario que o Concello inicie os procedementos oportunos para requirir aos propietarios a mantelas limpas e en boas condicións.

5.- O barrio de Cornes conta cun lavadoiro público en moi mal estado, como se aprecia na fotografía que se adxunta, sendo necesaria unha actuación para conservar este importante patrimonio.

6.- Por último, mencionar o estado das rúas do interior do barrio que se atopan cheas de baches e desconchadas polo que necesitan dunha actuación de pavimentación.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno a Corporación para a súa aprobación a seguinte

MOCIÓN:

Que o goberno municipal, á maior brevidade posible, inicie os procedementos necesarios para solucionar os problemas de tráfico, aparcamento, urbanización, invasión de maleza nas parcelas e beirarrúas e rúas, así como a necesaria pavimentación das rúas do núcleo de Cornes.

2.- Rexistro de entrada do día 17 de xullo de 2017, núm. 252, solicitando a publicación dun bando de ornato.

Sendo moi numerosas as queixas presentadas pola veciñanza e tratadas na Comisión de Queixas e Suxestións, relativas á falta de limpeza de parcelas de titularidade privada, pero tamén pública, que se atopan cheas de maleza por todo o término municipal, en malas condicións de seguridade e salubridade. Tendo en conta que en período estival aumenta considerablemente o perigo de incendio, e que moitas destas parcelas están próximas a vivendas e contruuccións, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o Alcalde da cidade valore a publicación dun bando de ornato coa fin de recordar aos propietarios das parcelas a súa obriga de manter limpas as súas terras, en perfectas condicións de seguridade, salubridade e ornato público, solicitando procedan á maior urxencia ao seu desbroce e limpeza.

Que todos aqueles procedementos abertos respecto da limpeza de parcelas se axilicen, clarificando se a responsabilidade depende do departamento de disciplina urbanística ou ben de medio ambiente, xa que na Comisión de Queixas non se determinou a quen correspondía esta competencia.

Que o Concello estude realizar todos os anos nos meses de abril, maio, unha campaña de divulgación a este respecto.

Rematado o debate, e despois de ser declarada a urxencia das mocións presentadas, e por orde de rexistro de entrada procédese a votación das mesmas.

- En relación á moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre a urxencia dunha diagnose e reparación de pontes sobre o vello trazado da vía férrea en Busto e outras parroquias, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a que con carácter urxente faga as xestións precisas para rehabilitar a ponte do Castro de Busto, sobre a antiga vía do tren, que serve de acceso a esta parroquia e a levar a cabo unha completa diagnose das outras pontes existentes no itinerario do vello trazado ferroviario en desuso entre Santiago e Oroso -no que está prevista a construción dunha vía verde- e, en función dos ditames técnicos, se programen as actuacións necesarias para garantir a seguridade viaria e a recuperación á maior brevidade posible.

- En segundo lugar, toca a quenda á moción do BNG, sobre o plan de mellora dos camiños rurais, o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos/as

concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Instar ao Goberno Galego a:

a) Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.

b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

2.- Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.

- A terceira moción tratada é do BNG, relativa ás deficiencias na rotonda de Conxo, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda, reclamarlle ao Ministerio de Fomento que se arranxen as deficiencias causadas coas obras da rotonda de Conxo e que se mellore a mobilidade para evitar que o barrio quede dividido por unha vía de circulación.

- A continuación trátase a moción do grupo municipal do Partido Popular, pola dignidade, a memoria e a xustiza ás vítimas do terrorismo, unha vez aceptada a emenda presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación por 21 votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 CA, 9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 2 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do BNG, acorda:

Primeiro.- Propor á Comisión de Condecoracións instalar unha placa naPraza da Constitución da cidade de Santiago de Compostela á memoria de Miguel Ángel Blanco e as vítimas do terrorismo en España, na que conste a seguintelenda: “En memoria do XX Aniversario da morte de Miguel Ángel Blanco, concelleiro de Ermua de ascendencia galega asasinado pola banda terrorista ETA o 13 de xullo de 1997, do Garda Civil compostelán Ricardo Couso Ríos asasinado en Biscaia, das persoas asasinadas en Santiago de Compostela Manuel Vázquez Cacharrón, Pedro Cabezas González, Constantino LimiaNogueiras e María Mercedes Domínguez, así como a todas as persoas que deron a súa vida polasliberdades públicas, que foronvítimas do odio e da intransixencia daqueles que lexitiman a forza, a violencia e o medo para mudar a vontade popular. Santiago de Compostela, xullo de 2017”.

Segundo.- Dar traslado do acordo da Comisión de Condecoracións ásasociacións de vítimas do terrorismo, á “Fundación Miguel Ángel Blanco” e aos familiares das persoaslembadas no texto coa finalidade de obter o seu beneplácito para esta acción e, posteriormente, convidalosao acto de descubrimento da placa.

- O Pleno da Corporación, por 11 votos a favor dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (9 CA e 2 BNG), 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e 3 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e en relación á moción do grupo municipal do BNG, relativa a supresión do uso de balas de goma, porras eléctricas e armas de electrochoque, acorda transmitir ao Ministerio de Interior a vontade do Concello de Santiago de Compostela de que sexa suspendido de xeito inmediato o uso de pelotas de goma, defensas extensíbeis, armas de electrochoque e gases lacrimóxenos por parte das forzas e corpos de seguridade nas mobilizacións cidadás que se produzan nesta cidade, de acordo coas recomendacións do Comité contra a Tortura da ONU.

- O Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e con respecto á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, relativa a transparencia dos paraísos fiscais, acorda:

1. O Pleno da Corporación Municipal comprométese a dar os pasos precisos para que os concursos públicos favorezan ás empresas que teñen condutas fiscais responsables mediante a inclusión de cláusulas sociais.

2. A Corporación municipal manifesta a súa intención de estudar, detectar e activar os mecanismos necesarios para evitar a contratación de empresas privadas para prestar servizos públicos que teñan a súa sede social en paraísos fiscais.

3. O Concello, comprométese coa cidadanía a facer pública a aprobación desta moción, así como procurar a transparencia da documentación presentada polas empresas que optan a concursos públicos e a compartir con outros municipios a información relativa ás empresas que reciben puntos positivos e negativos en función da súa responsabilidade social e fiscal.

4. A Corporación municipal insta ao Goberno de España e á Xunta de Galicia a que dean os pasos precisos para elaborar cláusulas de contratación pública social e fiscalmente responsables.

- No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación aos problemas a solventar en Cornes, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda que o goberno municipal, á maior brevidade posible, inicie os procedementos necesarios para solucionar os problemas de tráfico,

aparcamento, urbanización, invasión de maleza nas parcelas, beirarrúas e rúas, así como a necesaria pavimentación das rúas do núcleo de Cornes.

- Con respecto á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a obriga de manter limpas as parcelas, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Que o Alcalde da cidade valore a publicación dun bando de ornato coa fin de recordar aos propietarios das parcelas a súa obriga de manter limpas as súas terras, en perfectas condicións de seguridade, salubridade e ornato público, solicitando procedan á maior urxencia ao seu desbroce e limpeza.

2.- Que todos aqueles procedementos abertos respecto da limpeza de parcelas se axilicen, clarificando se a responsabilidade depende do departamento de disciplina urbanística ou ben de medio ambiente, xa que na Comisión de Queixas non se determinou a quen correspondía esta competencia.

3.- Que o Concello estude realizar todos os anos nos meses de abril, maio, unha campaña de divulgación a este respecto.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 23:14 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández